PRIMEIRO. - Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2020**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:



| Gastos correntes | Deputación |
|---|--------------|
| Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes | 119.193,77 € |

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

| Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 | Financiamento dos investimentos | | |
|--|---------------------------------|----------|-----------------|
| | Deputación | Concello | Orzamento total |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| TOTAL | | | |

| Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 | Financiamento dos investimentos | | |
|---|---------------------------------|----------|-----------------|
| | Deputación | Concello | Orzamento total |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| TOTAL | | | |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo:

| RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020 | Financiamento | | |
|-----------------------------|---------------|----------|-----------------|
| | Deputación | Concello | Orzamento total |
| Gastos correntes | 119.193,77 € | | |



| | | | |
|---|--------------|--|--|
| Investimentos incluídos no | | | |
| Plan Complementario ao POS+ 2020 | | | |
| Investimentos non incluídos no | | | |
| Plan Complementario ao POS+ 2020 | | | |
| TOTAL | 119.193,77 € | | |

SEGUNDO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

TERCEIRO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

CUARTO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

QUINTO. - Ratificar o contido da presente Resolución na vindeira sesión plenaria que se celebre, conforme ao disposto no apartado 13.4 das Bases reguladoras do POS+ 2020 BOP nº 66 de 5 de maio.

SEXTO.- Dar traslado do presente acto administrativo á Deputación Provincial da Coruña.

SÉTIMO. - Dar traslado do contido a presente resolución á Intervención municipal debido aos efectos económicos implícitos no presente acto administrativo.

OITAVO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D^a Marta Cajide Barbeito, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro)."

Tendo en conta o recollido no punto quinto da dita resolución, atendendo ás bases da convocatoria, esta Alcaldía somete ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Ratificar o contido da Resolución de Alcaldía nº 300/2020 de 28/05/2020, pola que se resolveu, entre outros:

"PRIMEIRO. - Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ ADICIONAL 2/2020"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:



| Gastos correntes | Deputación |
|---|--------------|
| Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes | 119.193,77 € |

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

| Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 | Financiamento dos investimentos | | |
|--|---------------------------------|----------|-----------------|
| | Deputación | Concello | Orzamento total |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| TOTAL | | | |

| Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 | Financiamento dos investimentos | | |
|---|---------------------------------|----------|-----------------|
| | Deputación | Concello | Orzamento total |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| TOTAL | | | |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo:

| RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020 | Financiamento | | |
|-----------------------------|---------------|----------|-----------------|
| | Deputación | Concello | Orzamento total |
| Gastos correntes | 119.193,77 € | | |



| | | | |
|---|--------------|--|--|
| Investimentos incluídos no | | | |
| Plan Complementario ao POS+ 2020 | | | |
| Investimentos non incluídos no | | | |
| Plan Complementario ao POS+ 2020 | | | |
| TOTAL | 119.193,77 € | | |

SEGUNDO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

TERCEIRO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

CUARTO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

...//...".

TERCEIRO.- Dar traslado da adopción do presente acordo á Deputación da Coruña.

Documento asinado dixitalmente por Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde-presidente, en Pontedeume á data sinalada na marxe"

A Presidencia abre a quenda para o debate...//...

- O Sr. Bernarndo Fernández expón que estes fondos de gastos correntes dedicáronse na súa totalidade a gastos de enerxía eléctrica, o que permite liberar partidas do orzamento destinadas a ese gasto e destinalas a outras partidas que poden necesitar de fondos. Isto é algo que se fai todos os anos. A través dos niveis de vinculación de partidas podemos coller este diñeiro e traspasalo a outras partidas, a medida que avanza o ano, con necesidades de financiamento.

- Toma a palabra o Sr. Santiago José Rodriguez, totalmente de acordo, e necesario que cando se fagan modificacións de crédito se destinen a asuntos sociais que son moi necesarios

- Toma a palabra o Sr. Luis Pena, comenta que o que se pretende é evitar gastos correntes e xogar coas partidas. Tampouco nos gusta que se permita que a alcaldía trate estos temas directamente sin que pasen polo pleno, e importante que estas decisións pasen polo pleno. Vanse abster.

- O Sr. Bernardo Fernández afirma que a razón que se faga por Decreto é por operatividade, para reducir prazos, e ser o máis áxiles posibles.

De seguido, sométese a votación a proposta, quedando ADOPTADA por MAIORÍA de 11 votos a favor oito votos a favor dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dª Raquel Caruncho Corral, Dª Yolanda Vázquez Busto, Dª Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, Dª. Manuela García Fachal, Dª Alejandra Bellón Tenreiro; e 2 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; 2 abstencións das persoas que integran o Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre; e, o ACORDO seguinte:

PRIMEIRO.- Ratificar o contido da Resolución de Alcaldía nº 300/2020 de 28/05/2020, pola que se resolveu, entre outros:

“**PRIMEIRO.** - Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2020**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

| Gastos correntes | Deputación |
|---|--------------|
| Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes | 119.193,77 € |

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

| Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 | Financiamento dos investimentos | | |
|--|---------------------------------|----------|-----------------|
| | Deputación | Concello | Orzamento total |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| TOTAL | | | |

| Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 | Financiamento dos investimentos | | |
|---|---------------------------------|----------|-----------------|
| | Deputación | Concello | Orzamento total |
| | | | |
| | | | |
| | | | |



| | | | |
|--------------|--|--|--|
| | | | |
| | | | |
| TOTAL | | | |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo:

| RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020 | Financiamento | | |
|--|---------------|----------|-----------------|
| | Deputación | Concello | Orzamento total |
| Gastos correntes | 119.193,77 € | | |
| Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 | | | |
| Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 | | | |
| TOTAL | 119.193,77 € | | |

SEGUNDO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

TERCEIRO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

CUARTO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

....//...".

TERCEIRO.- Dar traslado da adopción do presente acordo á Deputación da Coruña.

5.- PROPOSTA RATIFICACIÓN DO EXPEDIENTE: ADHESIÓN AO PACTO DE ALCALDES POLO CLIMA E A ENERXÍA, APROBADO POLA COMISIÓN EUROPEA O 15 DE OUTUBRO DE 2015 E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A REDACCIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍAS SUSTENTÁBEL (PACES)

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DO EXPEDIENTE



ADHESIÓN AO PACTO DE ALCALDES POLO CLIMA E A ENERXÍA, APROBADO POLA COMISIÓN EUROPEA O 15 DE OUTUBRO DE 2015 E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A REDACCIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍAS SUSTENTÁBEL (PACES)

(Expediente TEdC: 2019/A003/000032- 2020/G006/000061)

Por Decreto de Alcaldía nº 327/2020 de 11/06/2020, resolveuse a "SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A REDACCIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍAS SUSTENTÁBEL (PACES)", cuxo contido se transcribe, no seu literal:

"Descrición decreto: EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A REDACCIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍAS SUSTENTÁBEL (PACES)

EXPEDIENTE Nº 2020/G003/000353

DON BERNARDO FERNA'NDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

Vista a ORDEN de 5 de mayo de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais firmantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sostible, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede a súa convocatoria, en réxime de concurrencia non competitiva, para o ano 2020 (código de procedemento MT210A).

Visto o "Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19." (BOE nº67 de 14 de marzo).

Visto o artigo 21.1.m da Lei de Bases de Réxime Local, no que indica: "Adoptar personalmente, y bajo su responsabilidad, en caso de catástrofe o de infortunios públicos o grave riesgo de los mismos, las medidas necesarias y adecuadas dando cuenta inmediata al Pleno."

Visto o Decreto de Alcaldía 191/2020 de 16 de marzo de 2020, no que se indica: "Quedan suspendidas as sesións periódicas ou ordinarias dos órganos colexiados municipais (Xunta de Goberno Local, Pleno da Corporación e Comisións Informativas) a excepción da Comisión de Seguimento do COVID-19....", o cal comporta que se suspenderon a celebración de sesións de órganos colexiados e que os acordos se adoptaron por decreto de Alcaldía, en virtude do artigo 21.1. m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Vista a proposta de alcaldía de solicitar dita subvención por un importe de 6.000,00€, asinada dixitalmente.

Vista a memoria para a redacción do plan para o clima e a enerxía sustentabel (PACES).

Visto o certificado de presentación de contas correspondente ao exercicio 2018 ao Consello de Contas de Galicia, asinado dixitalmente.



En uso das atribucións que me confire o artigo 21.1.m da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a adhesión ao Pacto de Alcaldes polo clima e a enerxía, aprobado pola Comisión Europea o 15 de outubro de 2015, e que se proceda ao rexistro desta adhesión na web da Oficina do Pacto da Unión Europea (www.pactodelosalcaldes.eu).

SEGUNDO.- Atendendo que están en suspensión a celebración de sesións de órganos colexiados derivado da situación da crise sanitaria do COVID-19, que esta adhesión se ratifique no primeiro pleno ordinario que se celebre.

TERCEIRO - Aprobar a solicitude para participar na convocatoria pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais firmantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sostible, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede a súa convocatoria, en réxime de concurrencia non competitiva, para o ano 2020 (código de procedemento MT210A).

CUARTO.- Aprobar memoria e o ozamento presentado asinado polo Alcalde, por un importe total de 6.000€.

QUINTO.- Que este concello presentou as contas correspondente ao exercicio 2018 ao Consello de Contas de Galicia

SEXTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento de este proxecto.

SÉTIMO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

OCTAVO- Dar traslado ao departamento de intervención, debido aos efectos económicos implícitos ao acto administrativo así como ao servizo responsable do expediente aos efectos oportunos.

NOVENO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D^a Marta Cajide Barbeito, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro)"

Tendo en conta do recollido no punto segundo da dita resolución, así como nas bases da convocatoria, esta Alcaldía somete ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Ratificar o contido da Resolución de Alcaldía nº 327/2020 de 11/06/2020, pola que se resolveu, entre outros:



“PRIMEIRO.- Aprobar a adhesión ao Pacto de Alcaldes polo clima e a enerxía, aprobado pola Comisión Europea o 15 de outubro de 2015, e que se proceda ao rexistro desta adhesión na web da Oficina do Pacto da Unión Europea (www.pactodelosalcaldes.eu).

SEGUNDO.- Atendendo que están en suspensión a celebración de sesións de órganos Colexiados derivado da situación da crise sanitaria do COVID-19, que esta adhesión se ratifique no primeiro pleno ordinario que se celebre.

TERCEIRO - Aprobar a solicitude para participar na convocatoria pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais firmantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sostible, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede a súa convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, para o ano 2020 (código de procedemento MT210A).

CUARTO.- Aprobar memoria e o orzamento presentado asinado polo Alcalde, por un importe total de 6.000€.

QUINTO.- Que este concello presentou as contas correspondente ao exercicio 2018 ao Consello de Contas de Galicia

SEXTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento de este proxecto.

SÉTIMO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

...//...”.

TERCEIRO.- Dar traslado da adopción do presente acordo á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Documento asinado dixitalmente por Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde-presidente, en Ponte deume á data sinalada na marxe”

A Presidencia abre a quenda para o debate...//...

- Toma a palabra a Sra. Yolanda Vázquez, explica que o pacto dos alcaldes é un pacto impulsado pola Comisión Europea, co obxecto de reducir as emisións de CO2 un 40 % antes do 2030, mellorar a eficiencia enerxética, desenvolver medidas para adaptarse as consecuencias do cambio climático.

- Toma a palabra o Sr. Luis Pena, votarán a favor. Pregunta ¿qué significan os 6.000 €?

-Toma a palabra a Sra. Yolanda Vázquez, comenta que son empregados para facer un inventario das emisións dos edificios municipais e a flota de automóviles, e poder ter unha memoria cos pasos a seguir para poder reducir esas emisións.



Non habendo máis intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte

PRIMEIRO.- Ratificar o contido da Resolución de Alcaldía nº 327/2020 de 11/06/2020, pola que se resolveu, entre outros:

“PRIMEIRO.- Aprobar a adhesión ao Pacto de Alcaldes polo clima e a enerxía, aprobado pola Comisión Europea o 15 de outubro de 2015, e que se proceda ao rexistro desta adhesión na web da Oficina do Pacto da Unión Europea (www.pactodelosalcaldes.eu).

SEGUNDO.- Atendendo que están en suspensión a celebración de sesións de órganos colexiados derivado da situación da crise sanitaria do COVID-19, que esta adhesión se ratifique no primeiro pleno ordinario que se celebre.

TERCEIRO - Aprobar a solicitude para participar na convocatoria pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais firmantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sostible, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede a súa convocatoria, en réxime de concurrencia non competitiva, para o ano 2020 (código de procedemento MT210A).

CUARTO.- Aprobar memoria e o ozamento presentado asinado polo Alcalde, por un importe total de 6.000€.

QUINTO.- Que este concello presentou as contas correspondente ao exercicio 2018 ao Consello de Contas de Galicia

SEXTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento de este proxecto.

SÉTIMO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

...//...”

TERCEIRO.- Dar traslado da adopción do presente acordo á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA

Desde a Presidencia, propónse para a súa inclusión na orde do día os asuntos seguintes:

1. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN Nº2 DO DOCUMENTO DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE PONTEDEUME

Sométese a votación a urxencia, quedando RATIFICADA A URXENCIA, coa INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA, por UNANIMIDADE dos/as membros presentes.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“Expediente 2020/X999/000189.



PROPOSTA DE ALCALDIA ASUNTO: APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN Nº 2 DO DOCUMENTO DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

Vista a providencia de Alcaldía asinada o 23 de xuño de 2020, o cal contido é o seguinte:

"Por acordo plenario de 22 de febreiro de 2007, aprobouse a relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Ponte deume, acordo publicado no BOP número 48, de 28 de febreiro de 2007.

Na sesión ordinaria do Pleno celebrada o 31 de xaneiro de 2019, aprobouse o acordo de modificación nº 1 da relación de postos de traballo deste Concello. Nesta modificación aprobouse que podían ser cubertas por persoal doutras administracións públicas, as seguintes prazas:

AREA DE ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERNO. -Técnico de Xestión. ÁREA DE URBANISMO. -Arquitecto/a. ÁREA DE CULTURA. -Técnico/a de turismo. Na acta da mesa de negociación de 22 de xuño de 2020, está incluído coma punto do orde do día: Modificación puntual RPT, apertura postos de traballo para poder ser cubertos en comisión de servizos, por persoal doutras administracións (limitación segundo a Lei de Función Pública de Galicia).

A proposta de modificación plantexada é a seguinte:

PRAZAS VACANTES (non ocupadas por traballador/a algún/ha) PROPOSTAS PARA SER CUBERTAS POR PERSOAL DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS.

-ÁREA DE ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERNO. -Xefe/a de Secretaria.(Técnico/a Administración Xeral). -Auxiliar Administrativo/a.

-ÁREA ECONÓMICO FINANCEIRA.

-Auxiliar Administrativo/a.

A presente proposta ten coma finalidade recoller no apartado de observacións de cada unha das fichas que integran a relación de postos de traballo a posibilidade de que sexan cubertas por persoal doutras administracións públicas; á vista do anterior trátase dunha modificación carente de efectos de natureza económica.

De acordo co artigo 69 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, a planificación dos recursos humanos nas Administracións Públicas terá como obxectivo contribuir á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión axeitada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade.

A relación de postos de traballo é a clasificación funcional dos postos de traballo e a descrición das súas características e requisitos ou, como establece o artigo 15 da LRFP, é «o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos e precísanse os requisitos para o desempeño de cada posto». E no caso da



Administración Local, a RPT ten un contido mínimo, que é «incluír en todo caso a denominación, tipo e sistema de provisión dos postos, as retribucións complementarias que lles correspondan e os requisitos esixidos para o seu desempeño».

Como no resto de actos de carácter xeral emanadas da Corporación, esta pode modificar en calquera momento a Relación de Postos de Traballo seguindo un procedemento similar ao que seguiu para a aprobación da mesma.”

Considerando o disposto no artigo 38,5 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia que establece que: “As relacións de postos de traballo sinalaran expresamente os postos abertos á provisión por personal funcionario ou laboral procedente doutras administracións públicas, os cales non superarán o sete por cento do número total de postos de traballo que poidan ser cubertos por personal funcionario ou laboral”.

Á vista do anterior, esta proposta de modificación da relación non supera o límite do 7%, o que fai referencia o artigo mencionado.

Por parte da Secretaria da Corporación, emitiuse informe ao respecto en data 23 de xuño de 2020.

Atendendo aos antecedentes de feito e fundamentos de dereito, SOMETESE ao Pleno a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación nº 2 do documento da Relación de Postos de Traballo deste Concello:

Incluír na forma de provisión das fichas dos seguintes postos de traballo da relación de postos de traballo do Concello de Pontedeume, a posibilidade de ser cubertas por persoal doutras administracións públicas:

POSTOS DE TRABALLO:

PRAZAS VACANTES (non ocupadas por traballador/a algún/ha) PROPOSTAS PARA SER CUBERTAS POR PERSOAL DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS.

-ÁREA DE ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERNO.

Código: 01.00.00.02.02 Técnico Superior en Administración Local

Código: 01.00.00.03.10 Auxiliar Administrativo/a.

-ÁREA ECONÓMICO FINANCEIRA.

Código: 02.00.00.03.11. -Auxiliar Administrativo/a.

SEGUNDO. Expor ao público a mencionada modificación, durante o prazo de vinte días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno. A relación considerarase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.



TERCEIRO. Una vez aprobada definitivamente, a modificación da Relación de Postos de Traballo publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia e remitirase una copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde-Presidente, D. Bernardo Fernández Piñeiro na data de sinatura do mesmo"

A Presidencia abre a quenda para o debate...//...

- Toma a palabra o Sr. José Simoes, como xa explicamos na Comisión Informativa, na modificación da RPT, no tema de observacións, necesitamos urxentemente persoal. Por iso nos vemos na necesidade de abrir a outras administracións públicas o máximo permitido pola lei de Función Pública de Galicia un 7 %. Son tres as prazas, un Auxiliar Administrativo de Intervención, un Auxiliar Administrativo de Secretaría, e un Técnico de Administración de Secretaría. Tres xa estaban abertas a outras administracións públicas, na modificación da RPT, que son: Técnico de Xestión, o Arquitecto e o Técnico de Turismo. As devanditas prazas saldrán publicadas no BOP, faremos unhas bases para que podan vir en comisión de servizos. Non hai modificacións na RPT que haia que negociar cos sindicatos.

- Toma a palabra o Sr Santiago José Rodríguez, están de acordo con todo o exposto

- Toma a palabra o Sr. Luis Pena, expón que sempre é o mesmo, temos poucos traballadores, parécelle terrible que teñá que ir por urxencia a unha comisión despois de catro meses sen un pleno ordinario, non ten moito sentido, pois é un problema de vinte anos deste concello ¿por qué non se fixo antes?.

- Toma a palabra o Sr. José Simoes, afirma que vaise por pasos, fíxose unha modificación puntual da RPT, o seguinte paso é este

- Toma a palabra o Sr. Luis Pena, comenta que vai votar a favor, pero ten dúas pegas. A primeira é que a representación dos traballadores na xunta de persoal non está de acordo con esta modificación, e a segunda e que ten que haber un compromiso por parte de vostedes para aprobar unha nova RPT.

- Toma a palabra o Sr. José Simoes, comenta que a promoción interna non pode facerse por non haber xente que poida promocionar tanto a auxiliar administrativo, como técnicos, por non ter a titulación. Para promocionar os laborais teñen que ser fixos e despois funcionarizalos.

- Toma a palabra o Sr. Bernardo Fernández, afirma que a RPT é una prioridade, hai que negociala cos representates dos traballadores, pero o xeito de aprobar unha RPT non implica que pódanse cubrir as prazas porque hai unha lei que o impide, existe unha taxa de reposición.

- Toma a palabra o Sr Luis Pena, meter por urxencia unha modificación da RPT é pouco serio.

- Toma a palabra o Sr Bernardo Fernández, vostedes analizan o traballo que se fai aquí punto por punto, sen analizar a globalidade, se fan moitas cousas e cando os departamentos encontran un oco métese no pleno, como todos os puntos do pleno. Si por nós fora isto teríase feito hai moito tempo, pero non se nos permite contratar persoal, non é unha decisión discrecional deste goberno. Que quede claro que é unha prioridade para nós.

- Toma a palabra o Sr Luis Pena, por eso o noso voto é a favor, pero hai cousas que se poden mellorar.



Non habendo máis intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación nº 2 do documento da Relación de Postos de Traballo deste Concello:

Incluir na forma de provisión das fichas do seguintes postos de traballo da relación de postos de traballo do Concello de Pontedeume, a posibilidade de ser cubertas por persoal doutras administracións públicas:

POSTOS DE TRABAJO:

PRAZAS VACANTES (non ocupadas por traballador/a algún/ha) PROPOSTAS PARA SER CUBERTAS POR PERSOAL DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS.

-ÁREA DE ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERNO.

Código: 01.00.00.02.02
Técnico Superior en Administración Local

Código: 01.00.00.03.10
Auxiliar Administrativo/a.

-ÁREA ECONÓMICO FINANCEIRA.

Código: 02.00.00.03.11.
-Auxiliar Administrativo/a.

SEGUNDO. Expor ao público a mencionada modificación, durante o prazo de vinte días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno. A relación considerárase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

TERCEIRO. Una vez aprobada definitivamente, a modificación da Relación de Postos de Traballo publicarase integramente no *Boletín Oficial da Provincia* e remitirase una copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

2.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL N.º 7 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS AUXILIARES CON FINALIDADE LUCRATIVA

Sométese a votación a urxencia, quedando RATIFICADA A URXENCIA, coa INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA, por UNANIMIDADE dos/as membros presentes.

Antes de proceder a lectura da proposta, por parte da Secretaría indícase que no informe conxunto de Secretaría, Intervención e Tesourería hai un error na parte de conclusións, no senso de que cando se indica "*informase desfavorablemente a aplicación da irretroactividade*



ao 1 de xaneiro”, ten que dicir “informase desfavorablemente a aplicación da retroactividade ao 1 de xaneiro.”

A continuación, a Secretaría da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“Expediente 2020/X999/000257.

ASUNTO.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 7, REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS AUXILIARES CON FINALIDADE LUCRATIVA. (Publicación provisional: 19-12-1998, BOP Nº 290.-Publicación definitiva: 19-12-1998, BOP Nº 290, Redacción aplicable dende o 01-01-1999)

No artigo 10 do Real Decreto Lei 463/2020 de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria provocada polo COVID19, establécese a suspensión de actividades de hostalería e restauración, entre outras medidas de contención. “4. Se suspenden las actividades de hostalería y restauración, pudiendo prestarse exclusivamente servizos de entrega a domicilio.”

Posteriormente as condicións para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas polo estado de alarma, en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, regúlanse na Orde SND/399/2020, do 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade (BOE do 9 de maio de 2020, nº 130). O seu artigo 15 regula a reapertura das terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalería e restauración:

«1. Poderá procederse á reapertura ao público das terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalería e restauración limitándose ao cincuenta por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior en base á correspondente licenza municipal. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia física de polo menos dous metros entre as mesas ou, no seu caso, agrupacións de mesas. Para os efectos da presente orde consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que estando cuberto estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

2. No caso de que o establecemento de hostalería e restauración obtivese o permiso do Concello para incrementar a superficie destinada á terraza ao aire libre, poderanse incrementar o número de mesas previsto no apartado anterior, respectando, en todo caso, a proporción do cincuenta por cento entre mesas e superficie dispoñible e levando a cabo un incremento proporcional do espazo peonil no mesmo tramo da vía pública no que se sitúa a terraza.

3. A ocupación máxima será de dez persoas por mesa ou agrupación de mesas. A mesa ou agrupación de mesas que se utilicen para isto, deberán ser acordes ao número de persoas, permitindo que se respecten a distancia mínima de seguridade interpersoal.»

Aínda que o apartado 1º refírese á limitación do 50% (non do 30% que se previa inicialmente, que se aumentou ao final ao 50%) “das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior en base á correspondente licenza municipal”, daquela o apartado 2º desta mesma norma admite que se o establecemento de hostalería e restauración “obtivese o permiso do Concello para incrementar a superficie destinada á terraza ao aire libre”, en tal caso é admisible incrementar o número de mesas previsto no apartado anterior, pero respectando sempre a proporción do 50% entre mesas e superficie dispoñible e levando a cabo un incremento proporcional do espazo peonil no mesmo tramo da vía pública no que se sitúa a terraza. É dicir, que se o Concello ten regulados uns módulos de mesas a autorizar segundo superficie a ocupar, o que



ten que facer simplemente é axustar esa proporcionalidade reducíndoa nun 50% á hora de emitir a autorización para o novo establecemento.

Visto pois, que como consecuencia da suspensión da actividade hostaleira e de restauración, o feito impoñible regulado na Ordenanza fiscal especificada non se realizou durante un período de tempo.

Visto que unha vez se levanta a dita suspensión, os termos da ocupación deben variar, para adaptarse durante un período de tempo, de transición á nova normalidade, a termos especiais, e que reducen, salvo supostos específicos, as posibilidades de ocupación con mesas e cadeiras o dominio público.

Tendo en conta que a necesidade de modificar a ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, tramítase dada a vontade do concello de reactivar a economía do municipio, unha vez publicada a Orde SND / 399/2020, de 9 de maio, a Orde SND/414/2020, de 16 de maio, para a flexibilidade de determinadas restricións nacionais establecidas despois da declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 e 2 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na que está prevista a posibilidade de reabrir as terrazas ao aire libre dos establecementos hostaleiros e restaurantes, coas limitacións e condicións reguladas nelas, e neste momento unha vez superada a Fase 3, en fase de volta a normalidade, razóns estas polo que se considera pertinente a suspensión da recadación da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, poro considerar esta medida como imprescindible, entre outras que se están a adoptar por parte do Concello, para dita reactivación económica do municipio.

Tendo en conta tamén que é necesario regularizar a situación actual das terrazas, o que implica a necesidade da realización dunha Ordenanza Municipal reguladora da Instalación de terrazas e outros elementos auxiliares en terreos de dominio público municipal.

Tendo en conta que tras a suspensión da actividade a desenvolver, que agora resulta necesario revisar as condicións de autorización da ocupación de dominio público para adaptarse as circunstancias específicas previstas na regulación da desescalada, e polo tanto o período impositivo das ocupacións permanentes ou de tempada non comenará ata que se fixen as novas condicións de autorización, toda vez a normativa ditada determina condicións novas de ocupación.

Tendo en conta ademais a situación de vulnerabilidade de todos os negocios adicados a hostalaría, polos efectos que a crise sanitaria ven de provocar nos seus ingresos, vista a necesidade ademais de completar os expedientes de autorización das terrazas existentes, tendo en conta que a tramitación dos expedientes implica a realización dunha serie de trámites que determinarán achega de documentación e realización de comprobacións, que requiren de tempo, parece o máis adecuado.

Por parte das Areas Económicas (Intervención e Tesourería) e xurídica (Secretaría) emitíuse informe conxunto en relación a este asunto o 25 de xuño de 2020; na parte final deste informe se conclúe que:

*“Infórmase favorablemente a modificación da Disposición Final da ordenanza fiscal número 7 reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares, con finalidade lucrativa, coa finalidade de suspender a súa aplicación **dende a entrada en vigor desta modificación ata o 31 de decembro do 2020** aos efectos de paliar os efectos económicos negativos derivados do COVID-19.*

Informase desfavorablemente a aplicación da retroactividade ao 1 de xaneiro..”

No referente á posibilidade de retrotraer a eficacia da modificación da ordenanza fiscal a unha data anterior á da publicación da súa aprobación definitiva, é diversa a xurisprudencia que



conclúe a posibilidade de aplicar ou non aplicar a retroactividade, neste senso de aplicación retroactiva se pronuncian as Sentencias de 26 de febreiro de 1999 e de 24 de xaneiro de 2000. Esta corrente xurisprudencial considera que, aínda que a expresión da vontade política das corporacións locais se concrete en decisións de natureza e ámbito administrativo, o cal se traduce, dende unha perspectiva normativa, nunha potestade estritamente regulamentaria, delimitada materialmente polos principios de xerarquía normativa e reserva de lei, recoñécese unha específica caracterización da potestade derivada da autonomía local e da lexitimación democrática directa que corresponde as corporacións locais.

Atendendo aos antecedentes de feito e fundamentos de dereito, PROPONSE ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do texto da Ordenanza fiscal nº 7, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, en concreto a disposición final no seguinte senso:

“Se suspenderá temporalmente a vixencia de aplicación da ordenanza fiscal nº 7, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa a partires do día 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2020.”

SEGUNDO.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da Corporación, no portal de transparencia e na páxina web deste Concello,

TERCEIRO.- Conceder audiencia aos interesados por un prazo de trinta días a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia, no que os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

No caso de que non se formularsen reclamacións e alegacións, este acordo de aprobación inicial da modificación será definitivo. Neste caso, o acordo inicial elevado ao definitivo máis o texto modificado da Ordenanza fiscal deberán publicarse no Boletín Oficial da Provincia, no portal de transparencia e na páxina web do Concello.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde-Presidente, D. Bernardo Fernández Piñeiro, na data que consta no mesmo.”

A Presidencia abre a quenda para o debate...//...

- O Sr. Bernardo Fernández expón, é unha proposta que se realizou dende o goberno, e que se ten comentado nas conversas telefónicas mantidas con vostedes, durante o estado de alarma. Tendo en conta a perda de ingresos é importante derogala, para que non tiveran que asumir gastos a maiores este ano. Preferimos aplicar a irretroactividade, mas favorable o administrado, e dicir a súa aplicación retroactiva dende o un de xaneiro.

- Toma a palabra o Sr. Santiago José Rodríguez, totalmente de acordo.

- Toma a palabra o Sr. Luis Pena, temos dúas pegadas que poñer. 1ª) Vamos a cobrarlle agora os comerciantes a taxa do 2019, sería interesante que non pagaran agora toda a recadación do 2019. 2ª) Se queremos que haxa un ano sen pagar, que sexa dende agora, ata dentro dun ano.



- Toma a palabra o Sr. Bernardo Fernández, a taxa do 2019 a poden pagar a finais de ano, e incluso poden fraccionar o pago. En canto a segunda cuestión e imposible pois a ordenanza establece o devengo o día un de xaneiro.

- Toma a palabra o Sr. Luis Pena, podría estar bonificada algunha parte.

- Toma a palabra O Sr. Bernardo Fernández, unha bonificación non é unha exención, preferimos ir en contra deste informe desfavorable, e aprobar a modificación da ordenanza dende o pleno.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do texto da Ordenanza fiscal nº 7, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, en concreto a disposición final no seguinte senso :

“Se suspenderá temporalmente a vixencia de aplicación da ordenanza fiscal nº 7, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa a partires do día 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2020.”

SEGUNDO.-Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da Corporación, no portal de transparencia e na páxina web deste Concello,

TERCEIRO.- Conceder audiencia aos interesados por un prazo de trinta días a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia, no que os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

No caso de que non se formularsen reclamacións e alegacións, este acordo de aprobación inicial da modificación será definitivo. Neste caso, o acordo inicial elevado ao definitivo máis o texto modificado da Ordenanza fiscal deberán publicarse no Boletín Oficial da Provincia, no portal de transparencia e na páxina web do Concello.

6.- DAR CONTA COMUNICACIÓN INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE FACENDA.PRIMEIRO TRIMESTRE 2020

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA

REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. (EXECUCIÓN DO 1º TRIMESTRE DE 2020)

(Expediente TEdC: 2020/G006/000036)

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro)

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 88/2020, de asunto: “Comunicación da remisión de información trimestral ao Ministerio de Hacienda”, correspondente ao 1º Trimestre de 2020



Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume na data sinalada na marxe"

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN**

7.- DAR CONTA REMISIÓN INFORMACIÓN AO MINISTERIO MOROSIDADE E PMP 1º TRIMESTRE 2020

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE TOMA DE RAZÓN

DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN 80/2020 MOROSIDADE E PMP (PRIMEIRO TRIMESTRE 2020)

(Expediente TEdC: 2020/X999/000168-2020/G006/000057)

Visto o sinalado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, concretamente nos seus apartados 3 e 5, que sinalan literalmente que:

"(...) 3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes. (...)"

5.

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade Financeira,

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 80/2020, de asunto: "Comunicación de cumprimento da remisión de información ao Ministerio en relación coa morosidade e perido medio de pagamento correspondentes ao primeiro trimestre de 2020". Informe en aplicación de lo establecido en la Lei 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Lei 3/2004, de 29 de diciembre, por la que establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, correspondiente al terceiro trimestre de 2019, y Período Medio de Pago (PMP).

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume á data sinalada na marxe"

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN**



Alterouse a orde dos puntos oito e nove da convocatoria, primeiro faise a lectura da moción do Grupo Popular para Defender a Autonomía das Entidades Locais, e despois a moción do Grupo Popular relativa á Ampliación dos Recursos Sociais.

8.- MOCIÓN DEL GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA DEFENDER LA AUTONOMÍA DE LAS ENTIDADES LOCALES PARA LA GESTIÓN DE SUS RECURSOS

O Sr. Luis Ángel Díaz da lectura á moción que se transcribe a continuación:

“MOCIÓN DEL GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA DEFENDER LA AUTONOMÍA DE LAS ENTIDADES LOCALES PARA LA GESTIÓN DE SUS RECURSOS

*El Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Pontedeume conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales desea elevar al Pleno Municipal la siguiente **MOCIÓN**:*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

El artículo 137 de la Constitución Española señala que "el Estado se organiza territorialmente en municipios, en provincias y en las Comunidades Autónomas que se constituyan. Todas estas entidades gozan de autonomía para la gestión de sus respectivos intereses".

Por otro lado, nuestra Carta Magna en su artículo 142 establece que "las Haciendas locales deberán disponer de los medios suficientes para el desempeño de las funciones que la ley atribuye a las Corporaciones respectivas y se nutrirán fundamentalmente de tributos propios y de participación en los del Estado y de las Comunidades Autónomas".

Estos principios constitucionales se han desarrollado a través de diversas leyes que garantizan, por un lado, la autonomía local y, por otro, que las entidades locales cuenten con los recursos suficientes para atender las necesidades de sus vecinos.

De esta forma, la Ley Reguladora de las Bases del Régimen Local (LRBRL) establece que "para la efectividad de la autonomía garantizada constitucionalmente a las entidades locales, la legislación del Estado (...) deberá asegurar a los Municipios, las Provincias y las Islas su derecho a intervenir en cuantos asuntos afecten directamente al círculo de sus intereses" y que "el gobierno y la administración municipal (...) corresponde al ayuntamiento, integrado por el Alcalde y los Concejales" (Art. 2 y 19 de LRBRL).

Esta Ley, instrumento fundamental en las definición de las competencias y obligaciones de las entidades locales, señala además que "la cooperación económica, técnica y administrativa entre la Administración local y las Administraciones del Estado y de las Comunidades Autónomas, tanto en servicios locales como en asuntos de interés común, se desarrollará con carácter voluntario, bajo las formas y en los términos previstos en las leyes, pudiendo tener lugar, en todo caso, mediante los consorcios o los convenios administrativos que suscriban" (Art. 57.1 LRBRL).

Por último cabe señalar, que la LRBRL establece en su artículo 105 que "se dotará a las Haciendas locales de recursos suficientes para el cumplimiento de los fines de las entidades locales" y que dichas haciendas locales "se nutren, además de tributos propios y de las participaciones reconocidas en los del Estado y en los de las Comunidades Autónomas, de aquellos otros recursos que prevea la Ley".



Se hace necesario recordar todas las leyes que protegen la autonomía, organizativa y de gestión de sus recursos, de las entidades locales, así como las diferentes fuentes de financiación de las mismas, por varios motivos: El Gobierno de España ha negado injustificadamente el pago a las Entidades Locales del IVA correspondiente al mes de diciembre de 2017.

- 1- El gobierno de España está estudiando “confiscar” el superávit generado en 2019 por las Entidades Locales (5.000 millones de euros) así como los recursos que las mismas tienen en entidades bancarias (28.000 millones de euros) como consecuencia de haber generado superávits desde el año 2012, según pudimos conocer por una noticia publicada en prensa.

Información ratificada por las declaraciones realizadas por la Ministra de Hacienda el 30 de abril en el Congreso de los Diputados, en las que hizo alusión a la posibilidad de llegar a un acuerdo con la FEMP para que la utilización del superávit municipal se pueda emplear para “cubrir aquellos que el resto de administraciones no puedan llegar, de manera que entre todos podamos actuar sinérgicamente sobre el ciudadano único o sobre la empresa pública”.

Hay que señalar que la generación de dichos superávits no se debe solamente a la aplicación de la Ley Orgánica de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera (LOEPSF) puesto que esta ley “vincula a todos los poderes públicos (Administración General del Estado, Comunidades Autónomas, Corporaciones Locales y Seguridad Social)” (Art. 1 y 2 de la LOEPSF) pero sólo las corporaciones locales, gracias a una gestión eficiente y rigurosa de sus recursos, han sido capaces de generar de manera recurrente un saldo positivo en sus cuentas públicas al cierre de cada ejercicio presupuestario ayudando a que nuestro país pudiese cumplir con los objetivos de déficit público establecidos por la Unión Europea.

Estos superávits, tal y como recoge el artículo 32 de la LOEPSF, se han destinado a reducir el nivel de endeudamiento de las entidades locales, a la ejecución de inversiones financieramente sostenibles que revierten en beneficio de los vecinos y, en muchos casos, a seguir generando ahorros para poder conjugar la prestación de servicios públicos de calidad a los vecinos con una fiscalidad baja sin hipotecar a las generaciones futuras.

Desde hace varios años, las entidades locales han venido reclamando al gobierno central una mayor flexibilidad para poder aplicar los superávits generados pero siempre respetando la autonomía local consagrada en la Constitución y en las leyes.

Las entidades locales constituyen la administración más cercana al ciudadano y han mostrado siempre su solidaridad con el resto de las administraciones españolas al asumir competencias impropias sin recibir, en muchos casos, la financiación adecuada para ejercerlas lo que ha provocado que hayan tenido que destinar recursos propios, recursos de todos sus vecinos, a mantener las mismas.

Además, en esta crisis sanitaria, social y económica, derivada de la pandemia provocada por el COVID-19 han sido los primeros en implementar medidas para contener la expansión del virus y de apoyo a la población más vulnerable (mayores, enfermos, etc.) por ejemplo, ampliando los servicios de ayuda a domicilio. También han ido por delante en la conversión de muchos servicios públicos de modalidad presencial a telemática.



Por lo expuesto, el Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Pontedeume presenta la siguiente:

PROPUESTA DE ACUERDO

Instar al gobierno de España a:

1. Respetar y garantizar la autonomía de las entidades locales para la gestión de sus recursos.
2. *Flexibilizar las reglas para que las entidades locales pueda utilizar sus superávits para implementar aquellos servicios y medidas que permitan actuar contra la pandemia, siempre en coordinación con las Comunidades Autónomas y el Estado.*
3. En el caso de plantear la modificación de alguna de las leyes que afectan a la autonomía, hacienda o estabilidad financiera de las entidades locales se validen dichas modificaciones en el Congreso de los Diputados, dado que la declaración del estado de alarma no interrumpe el normal funcionamiento de los poderes del Estado (Art. 1.4 de la Ley 4/1981, de 1 de junio, de los estados de alarma excepción y sitio).
4. El cumplimiento de lo acordado por la FEMP y el Gobierno de España en la reunión de 20 de abril de 2020 presidida por el Presidente del Gobierno, en la que se acordó no plantear cambios en el Congreso sin estar previamente consensuados con las Entidades Locales.

En Pontedeume, a 12 de junio de 2020"

A Presidencia abre a quenda para o debate...//...

- Toma a palabra o Sr. José Simoes, estamos de acordo co contido, non coas formas. Está moción xa fora debatida hai tempo co tema do IVA.

- Toma a palabra o Sr. Bernardo Fernández, notamos en falta nos acordos, e vai incluída na nosa moción, que a Xunta non manifeste públicamente o apoio ao municipalismo, instamos a Xunta que se manifeste en favor disto. Se queren vostedes que consensuemos os acordos para que vaian máis reforzados, perfecto.

- Toma a palabra o Sr. Santiago José Rodríguez, mostrando o seu acordo

-Toma a palabra o Sr. Bernardo Fernández, consensuamos entón.

- Toma a palabra o Sr. José Simoes, dispónse a ler os acordos da moción do grupo municipal do PSOE.

MOCIÓN QUE PRESENTA OS GRUPO SOCIALISTA DO CONCELLO DE PONTEDEUME SOBRE A NECESIDADE DE AUTORIZACIÓN DO USO DE REMANENTES E FLEXIBILIZACIÓN DA REGRA DE GASTO PARA O USO DO SUPERÁVIT DAS ENTIDADES LOCAIS.

O grupo do PSdeG-PSOE do Concello de Pontedeume conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais desexa someter á consideración do Pleno a seguinte moción:



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Administración Local achega ás políticas públicas xerais un poder de adaptación e de coñecemento do territorio que permite maximizar o beneficio que chega aos cidadáns.

Todos sabemos que son as administracións locais as que achegan solucións áxiles, eficientes e próximas ao cidadán. Este é un aspecto fundamental á hora de executar políticas públicas de proximidade que nos permitan superar os efectos provocados polo COVID-19 na nosa sociedade, tanto a nivel social como económico.

Son moitas as entidades locais da nosa provincia que levan meses atendendo as necesidades especiais das persoas desfavorecidas e dos novos grupos de risco que foron xurdindo como consecuencia da pandemia, todas cos seus propios recursos que son moi limitados, eliminando partidas orzamentarias con outros destinos para poder cubrir necesidades urxentes.

A todo isto hai que engadir que as entidades locais veñen asumindo competencias e funcións doutras administracións públicas, competencias impropias, deixando un vacío do que se están ocupando os gobernos locais debido á urxencia da situación.

Ademais serán as entidades locais as que levarán a cabo plans de reconstrución local co obxectivo de paliar os efectos que a pandemia está a causar no emprego e para lanzar as actividades locais afectadas polo peche ou a baixa da súa actividade.

A boa xestión levada a cabo polas entidades locais en anos anteriores xerou unha serie de remanentes que no actual contexto social e económico poden supor unha importante fonte de recursos para axudar a superar os problemas presentes e futuros derivados da pandemia provocada polo COVID-19.

Debemos engadir que este é o único recurso dispoñible por parte das entidades locais para facer fronte aos gastos orixinados pola situación extraordinaria que estamos a vivir e que non teñen partida orzamentaria propia, polo que a súa consideración como recursos financeiros imprescindibles é indubidable ao formar parte da xestión orzamentaria ordinaria de calquera entidade local, sendo o seu destino a cobertura de necesidades orzamentarias xerais ou derivadas da pandemia. Ademais o uso deste recurso financeiro evita que as entidades locais teñan que acudir ao financiamento externo mediante a concertación de novos préstamos o que xeraría un maior endebedamento do Sector Público.

Cabe sinalar a importancia que ten a limitación que supón á Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira no uso dos remanentes como consecuencia da aplicación da regra de gasto e de estabilidade orzamentaria. É necesaria e urxente a flexibilización desas limitacións. Dabondo está demostrado o rigor orzamentario das entidades locais nos últimos anos no cumprimento dos seus obxectivos fiscais e, por outra banda, o rigor que demostraron na aplicación da normativa orzamentaria e financeira.

O escenario cambiou coa actual pandemia e a flexibilización das regras fiscais coas entidades locais resulta, nestes momentos, esencial e irrenunciable para facer fronte aos retos que se prevén no horizonte. En liña co que nos ocupa, o pasado 20 de marzo a presidenta da Comisión Europea anunciaba a suspensión do Pacto de Estabilidade e Crecemento para que os países puidesen gastar libremente en función das súas necesidades.

As entidades locais non son alleas a esta situación, configúranse como axentes activos na acción, tanto directa como indirecta, xerada pola pandemia e, por iso, tamén ven afectadas as



súas contas e a imposibilidade de dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade e de regra de gasto.

Segundo todo o exposto, para garantir a plena dispoñibilidade dos remanentes, isto é, os aforros locais, de modo que as entidades locais poidan facer fronte aos gastos devindicados e todos aqueles que se deriven da crise sanitaria do COVID-19, faise preciso que a súa utilización non compute en termos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Por todo o exposto, propomos ao Pleno do Concello de Pontedeume a adopción dos seguintes

ACORDOS

1º) Instar o Goberno de España a flexibilizar o actual marco normativo para permitir que as entidades locais poidan facer uso dos seus superávits e remanentes de tesourería, a fin de financiar a posta en marcha de medidas en todos os ámbitos da súa competencia que axuden a paliar as consecuencias económicas e sociais derivadas da crise provocada polo virus COVID-19.

2º) Instar o Goberno de España á adopción de medidas de flexibilización do impacto da estabilidade orzamentaria e regra de gasto no uso dos remanentes de tesourería que permitan o uso dos excedentes locais para afrontar os gastos derivados da pandemia e para o desenvolvemento de plans de reconstrución.

3º) Instar á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España a adopción das medidas mencionadas nos acordos 1º e 2º desta moción, isto é, a utilización por parte das entidades locais do remanente de tesourería para gastos xerais como recurso financeiro propio imprescindible para a xestión orzamentaria das mesmas, así como a flexibilización do impacto da estabilidade orzamentaria e regra de gasto no uso dos mencionados remanentes.

Pontedeume, 25 de xuño de 2020

José Simos Couceiro. Portavoz do Grupo Socialista do Concello de Pontedeume.

A Presidencia abre a quenda para o debate...//...

- Toma a palabra o Sr. Luis Pena, nós votamos a favor sempre que poña flexibilizar, a súa postura é a derogación da ley 2/2019 de Racionalización, votamos a favor se hai derogación. Entendemos que no concello de Pontedeume sería moi favorable que se eliminaran esas normas.

- Toma a palabra o Sr. Bernardo Fernández, hai aspectos da lei que son positivos, é máis fácil modificar unha lei que deroga, polo tanto preferimos optar pola forma máis rápida, entendemos que deroga tendrían efectos negativos, tendo en conta a situación dos concellos que é límite.

De seguido, sométese a votación a moción consensuada, quedando ADOPTADOS por MAIORÍA de 11 votos a favor dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSDG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dª Raquel Caruncho Corral, Dª Yolanda Vázquez Busto, Dª Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, Dª. Manuela García Fachal, Dª Alejandra Bellón Tenreiro; e 2 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; 2 votos en contra das persoas que integran o Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera e Dª Rocío Souto Torre;, os ACORDOS seguintes:



1. Respetar y garantizar la autonomía de las entidades locales para la gestión de sus recursos.
2. Flexibilizar las reglas para que las entidades locales pueda utilizar sus superávits para implementar aquellos servicios y medidas que permitan actuar contra la pandemia, siempre en coordinación con las Comunidades Autónomas y el Estado.
3. En el caso de plantear la modificación de alguna de las leyes que afectan a la autonomía, hacienda o estabilidad financiera de las entidades locales se validen dichas modificaciones en el Congreso de los Diputados, dado que la declaración del estado de alarma no interrumpe el normal funcionamiento de los poderes del Estado (Art. 1.4 de la Ley 4/1981, de 1 de junio, de los estados de alarma excepción y sitio).
4. El cumplimiento de lo acordado por la FEMP y el Gobierno de España en la reunión de 20 de abril de 2020 presidida por el Presidente del Gobierno, en la que se acordó no plantear cambios en el Congreso sin estar previamente consensuados con las Entidades Locales.
5. Instar o Goberno de España a flexibilizar o actual marco normativo para permitir que as entidades locais poidan facer uso dos seus superávits e remanentes de tesourería, a fin de financiar a posta en marcha de medidas en todos os ámbitos da súa competencia que axuden a paliar as consecuencias económicas e sociais derivadas da crise provocada polo virus COVID-19
6. Instar o Goberno de España á adopción de medidas de flexibilización do impacto da estabilidade orzamentaria e regra de gasto no uso dos remanentes de tesourería, que permitan o uso dos excedentes locais para afrontar os gastos derivados da pandemia e para o desenvolvemento de plans de reconstrución.
7. Instar o Goberno de Galicia a solicitar ao Goberno de España a adopción das medidas relacionadas nos acordos 1º e 2º desta moción, isto é, a utilización por parte das entidades locais do remanente de tesourería para gastos xerais como recurso financeiro propoi imprescindible para a xestión orzamentaria das mesmas, así como a flexibilización do impacto da estabilidade orzamentaria e regra de gasto no uso dos mencionados remanentes”

9.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA AMPLIACIÓN DE RECURSOS DOS SERVICIOS SOCIAIS PARA ATENDER SITUACIÓNS DE EMERXENCIA POLA CRISE DO COVID-19.

O Sr. Luis Ángel Díaz da lectura á moción, que se transcribe a continuación:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA AMPLIACIÓN DE RECURSOS DOS SERVICIOS SOCIAIS PARA ATENDER SITUACIÓNS DE EMERXENCIA POLA CRISE DO COVID-19

*O Grupo Municipal Popular no concello de Ponte deume con arreglo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de **MOCIÓN**:*



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O venres 13 de marzo de 2020 publicouse no DOG o Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se declaraba a situación de emerxencia sanitaria ante a evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 na nosa Comunidade Autónoma, que daquela contaba con 7 pacientes ingresados en UCI, 26 en unidades de hospitalización, 79 no domicilio e ningún falecido.

Ese mesmo 13 de marzo, os datos en España eran máis preocupantes: xa faleceran 120 persoas e o número de contaxiados positivos eran 4.209. Esta situación levou ao goberno a declarar o Estado de Alarma mediante o Real Decreto 463/2020, que entrou en vigor o domingo 15 de marzo.

A declaración do estado de alarma e a situación de emerxencia sanitaria estableceron a suspensión ou limitación dun número importante de actividades sociais e económicas, así como restricións na mobilidade das persoas (a través do Real Decreto 463/2020) ante o risco para a saúde pública que supón a propagación deste virus.

Todas as administracións deben traballar coa máxima lealdade e coordinación para implementar, dentro do marco competencial, medidas que garantan a seguridade e a saúde dos cidadáns, así como tamén aquelas que contribúan a minimizar o impacto económico e social derivado desta crise.

O Concello de Pontedeume, dado o seu carácter de administración máis próxima ao cidadán, debe velar e prestar a mellor atención posible aos colectivos máis vulnerables, así como aos sectores máis castigados por esta pandemia.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Pontedeume, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

A modificación dos créditos das partidas destinadas a festas, feiras e outras actividades canceladas a consecuencia do Estado de Alarma, sendo reasignados para incrementar e suplementar as partidas destinadas á protección da salubridade pública e cubrir con celeridade e medios suficientes as situacións de emerxencia social por efecto da crise ocasionada polo Covid19 atendidas polos servizos sociais municipais.

En Pontedeume, a 12 de junio de 2020"

A Presidencia abre a quenda para o debate...//...

- Toma a palabra o Sr. José Simoes, estamos de acordo vaise votar a favor

- Toma a palabra o Sr. Luis Pena, comenta que o concello debería presentar un resumo das partidas que non foron gastadas durante este tempo, é dicir, en que teñen pensado reasignar esas partidas que teñen que ser prioritarias. Votan a favor.

- Toma a palabra o Sr. Bernardo Fernandez., esa información a teñen na execución trimestral, que vai a pleno, facelo de forma anticipada non ten sentido, nunha situación coma esta, e difícil sabelo anticipadamente. Votamos a favor, aínda que non especifique no acordo todos os gastos que se cargan nestes fondos

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a moción, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

A modificación dos créditos das partidas destinadas a festas, feiras e outras actividades canceladas a consecuencia do Estado de Alarma, sendo reasignados para incrementar e



suplementar as partidas destinadas á protección da salubridade pública e cubrir con celeridade e medios suficientes as situacións de emerxencia social por efecto da crise ocasionada polo Covid19 atendidas polos servizos sociais municipais.

10.- DAR CONTA APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO "MELLORA DO TRAZADO DO CAMIÑO EN CENTROÑA ATA O SEU ENCONTRO COA ESTRADA PROVINCIAL DP-4803" (POS+2019)

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"TOMA DE RAZÓN EXPEDIENTE

APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO "MELLORA DO TRAZADO DO CAMIÑO EN CENTROÑA ATA O SEU ENCONTRO COA ESTRADA PROVINCIAL DP-4803" (POS+2019)

(Expediente TDeC: 2018/X999/000152-2020/G006/000039)

Tendo en conta o acordo relativo á delegación de competencias do Pleno na Alcaldía Presidencia, adoptado en sesión ordinaria de 28 de novembro de 2019, cuxo contido se transcribe, en estrato:

"...//..."

SEGUNDO.- Delegar na Alcaldía-Presidencia o exercicio das atribucións que se indican no artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, sendo delegables conforme o indicado no apartado 4º, e que exclúen as enunciadas no número 2), letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no número 3) do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. Delegación que comprenderá todas as facultades, incluída a de adopción de acordos que afecten a terceiros.

1.- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos presupostos.

"...//..."

Tendo en conta o establecido no artigo 115 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales" (ROF), respecto ao "Régimen general de las delegaciones entre los órganos necesarios": "Si no se dispone otra cosa, el órgano delegante conservará las siguientes facultades en relación con la competencia delegada:

La de recibir información detallada de la gestión de la competencia delegada y de los actos o disposiciones emanados en virtud de la delegación

"...//..."

*En cumprimento do anterior, esta Alcaldía, da conta ao Pleno, para a súa **TOMA DE RAZÓN**, do asunto seguinte:*

Por Decreto de Alcaldía nº 227/2020 de 06/04/2020, resolveuse a "APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO "Mellora do Trazado do Camiño en Centroña ata o seu encontro coa estrada provincial DP-4803" (POS+2019), cuxo contido se transcribe no seu literal:



“Descrición decreto: EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO “Mellora do Trazado do Camiño en Centroña ata o seu encontro coa estrada provincial DP-4803” (POS+2019)

EXPEDIENTE Nº 2020/G003/000224

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME, (A CORUÑA).

Visto o acordo do Pleno do Concello, en sesión extraordinaria e urxente do 18.12.2018 relativo á solicitude do Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2019 e polo que se aprobaron os proxectos das obras incluídos no POS+ 2019.

Consta autorización desfavorable do 29.04.2019 da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo con data de rexistro de entrada no Concello 06.05.2019 (nº 201900000001717), debéndose corrixir o proxecto tal como se indica no informe dos servizos técnicos.

Visto o proxecto modificado de “Mellora de trazado do Camiño en Centroña ata o seu encontro coa Estrada Provincial DP-4803” (Rev. 2) con data de rexistro de entrada no Concello 19.11.2019 e nº 201999900000599), recolléndose no anexo 11 e no apéndice 1 e 2 a documentación solicitada por parte do Servizo de Patrimonio Cultural.

Vista a autorización favorable do Servizo de Xestión Cultural (Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Cultura e Turismo) ao proxecto modificado para “Mellora de trazado do Camiño en Centroña ata o seu encontro coa Estrada Provincial DP-4803” (Rev. 2) con data de rexistro de entrada no Concello 21.01.2020 (nº 20200000000130).

Considerando o establecido no artigo 231 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014:

“1. ...//..... A aprobación do proxecto corresponderá ao órgano de contratación salvo que tal competencia estea especificamente atribuída a outro órgano por unha norma xurídica.

2....//...”

Considerando o establecido no artigo 134 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas:“Realizada, no seu caso, a correspondente información pública, supervisado o proxecto, cumpridos os trámites establecidos e solicitados os informes que sexan preceptivos ou se estime convinte solicitar para un maior coñecemento de cantos factores poidan incidir na execución ou explotación das obras, o órgano de contratación resolverá sobre a aprobación do proxecto”.

Visto o acordo do Pleno do Concello de data 28 de novembro de 2019 no que se acorda, entre outros, delegar na Alcaldía a aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa aprobación ou concesión, e cando aínda non están previstos nos presupostos.

Considerando o anteriormente exposto e ao amparo das atribucións que me confiere a D.A. 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014., **RESOLVO:**



PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto modificado para "Mellora de trazado do Camiño en Centroña ata o seu encontro coa Estrada Provincial DP-4803" (Rev. 2), redactado polo enxeñeiro Antonio J. Durán Maciñeira asinado dixitalmente o día 19.11.2019 con importe total de 74.258,556 € (IVE incluído), documento con rexistro de entrada nº 201999900000599 de 19.11.2019.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acto administrativo á Deputación Provincial da Coruña e aos departamentos de Intervención e Urbanismo para os efectos oportunos.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D^a Marta Cajide Barbeito, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro)."

Documento asinado dixitalmente por Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde-presidente, en Ponte deume a 19 de xuño de 2020."

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN**

11.- DAR CONTA DAS MODIFICACIÓNS DO PROXECTO DA OBRA "REFORMA INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DE ESCOLA INFANTIL EN NOGUEIROSA" (POS+ 2018)

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"TOMA DE RAZÓN EXPEDIENTE

APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO "MELLORA DA ACCESIBILIDADE DE ESCOLA INFANTIL EN NOGUEIROSA (POS+ 2018)",)

(Expediente TEdC: 2018/C003/000008-2020/G006/000040)

Tendo en conta o acordo relativo á delegación de competencias do Pleno na Alcaldía Presidencia, adoptado en sesión ordinaria de 28 de novembro de 2019, cuxo contido se transcribe, en estrato:

"...//..."

SEGUNDO.- Delegar na Alcaldía-Presidencia o exercicio das atribucións que se indican no artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, sendo delegables conforme o indicado no apartado 4º, e que exclúen as enunciadas no número 2), letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no número 3) do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. Delegación que comprenderá todas as facultades, incluída a de adopción de acordos que afecten a terceiros.

1.- A aprobación dos proxectos de obras e servicios cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos presupostos.

"...//..."



Tendo en conta o establecido no artigo 115 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales” (ROF), respecto ao “Régimen general de las delegaciones entre los órganos necesarios”: “Si no se dispone otra cosa, el órgano delegante conservará las siguientes facultades en relación con la competencia delegada:

La de recibir información detallada de la gestión de la competencia delegada y de los actos o disposiciones emanados en virtud de la delegación
...//...”

En cumprimento do anterior, esta Alcaldía, da conta ao Pleno, para a súa **TOMA DE RAZÓN**, do asunto seguinte:

Por Decreto de Alcaldía nº 314/2020 de 04/06/2020, resolveuse a modificación nº2 do proxecto de obra “MELLORA DA ACCESIBILIDADE DE ESCOLA INFANTIL EN NOGUEIROSA (POS+ 2018)”, cuxo contido se transcribe no seu literal:

“Descripción decreto: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN Nº2 DO PROXECTO REFORMA INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DE ESCOLA INFANTIL EN NOGUEIROSA (POS+ 2018)

EXPEDIENTE Nº 2020/G003/000280

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

Vista a resolución de Alcaldía número 700/2019 do 08/11/2019 polo que se acorda iniciar mediante a tramitación urxente o expediente de modificación do proxecto de obra para “Reforma interior e mellora da acesibilidade da Escola de Nogueirosa” (POS+ 2018) redactado en febreiro de 2018 debido á necesidade de modificar o contrato vixente que se derive de circunstancias sobrevidas e que fosen imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato, de conformidade co informe técnico da Dirección de Obra do 13.06.2019.

Visto o proxecto de obra modificado para “Reforma interior e mellora da acesibilidade da Escola de Nogueirosa” (POS+ 2018) asinado polo arquitecto Óscar Sánchez Martínez o día 29.10.2019, con data de rexistro de entrada no Concello 29.10.2019 (nre 201999900000527).

Visto que con data de rexistro de entrada no Concello 08.11.2019 (nre 201999900000563) se presentan anexos ao proxecto de obra modificado para “Reforma interior e mellora da acesibilidade da Escola de Nogueirosa” (POS+ 2018).

Consta notificación do acordo á empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones, SA con acuse de lectura do 11.11.2019.

Visto que con data de rexistro de entrada no Concello 15.11.2019 (nre 201999900000589) recíbese proxecto refundido modificado para “Reforma interior e mellora da acesibilidade da Escola de Nogueirosa” (POS+ 2018).

Consta informe de supervisión do proxecto favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación Provincial da Coruña de data 12.11.2019.

Por decreto nº 225/2020 de 06.04.2020, resolveuse, entre outros:

“...//...”

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto modificado refundido de obras para “Reforma interior e mellora da acesibilidade da Escola de Nogueirosa” (POS+ 2018) redactado polo arquitecto Óscar Sánchez Martínez en outubro de 2019 e asinado dixitalmente o 15.11.2019, sendo as modificacións introducidas respecto ao proxecto inicialmente aprobado, as seguintes:



“Se plantea una solución que mejora la estrutura existente, con el fin de no dañar la envolvente y el forjado existente. Se incorpora una estrutura metálica formada por 12 nuevos pilares tubulares de acero SHS #100.5, situados por la cara interior de los pilares de HA deteriorados existentes. Anclados a placas de anclaje en una nueva cimentación con zapatas de 70x70x30 cm de HA por lo que se tendrá que excavar con medios manuales por el interior de la edificación hasta llegar a cota de apoyo. EL sistema de la planta baja se mantendrá el proyecto original. Como consecuencia también del peligro de derrumbe del forjado de la planta 1, se plantea un refuerzo metálico por la cara inferior del existente, unido a la nueva estructura metálica portante. Se incorporan una serie de vigas HE 340B uniendo los pilares, y perfiles IPE 240 como vigas secundarias.”

SEGUNDO.- Aprobar a modificación do contrato de obras para “Reforma interior e mellora da accesibilidade da Escola de Nogueirosa” (POS+ 2018) de conformidade co proxecto modificado refundido redactado polo arquitecto Óscar Sánchez Martínez en outubro de 2019 e asinado dixitalmente o 15.11.2019.

TERCEIRO.- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 19.112,59 € (IVE incluído) derivado do incremento económico sobre o orzamento do contrato, con cargo á partida 334.63203 do orzamento do ano 2020.

CUARTO.- Instar á empresa adjudicataria das obras Eulogio Viñal Obras y Construcciones, SA para que proceda ao reaxuste do importe da garantía definitiva debido ao incremento do orzamento do contrato, que supón un incremento do prezo de adjudicación de 16.799.97 €.

QUINTO.- Notificar o presente acordo e instar á empresa adjudicataria da obra Eulogio Viñal Obras y Construcciones, SA, para a formalización da modificación do contrato de obra no prazo de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte á recepción do presente acordo, de conformidade co establecido no artigo 153 da Lei 9/2017, do 8 de novembro.

SEXTO.- No caso de que a obra se suspendera, unha vez formalizada a modificación aquí aprobada, instar ao contratación á reanudación das obras no prazo de 15 días hábiles, a contar dende a formalización da modificación. Asímesmo, requirir á Dirección Facultativa da obra para que no mesmo prazo, de ser o caso, levante acta de comprobación de replanteo e reinicio das obras e o alzamento da suspensión, así como a remisión dunha copia da acta para a súa inclusión no expediente administrativo.

SÉTIMO.- De conformidade co artigo 162.2 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas informar á empresa adjudicataria das obras que o prazo de execución das obras é de 4 meses. A este prazo descontaráselle o executado dende a acta de inicio das obras ata a data da firma da acta de suspensión.

OITAVO.- Dar traslado do presente acto administrativo á Deputación Provincial da Coruña para os efectos da cláusula 8 das bases do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único Concellos) POS+ 2018.

NOVENO.- Publicar a presente resolución de aprobación da modificación do proxecto no perfil do contratante no prazo de 5 días dende a a aprobación da mesma, consonte ao establecido no artigo 207.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro.

...//...”



Logo de ver o requirimento do Servizo de Plans da Deputación da Coruña, de dta 14.04.2020, documento con rexistro de entrada nº 20200000000620 de 17.04.2020 no que se comunica a supervisión desfavorable do dito proxecto conforme ao seguinte:

[- O dito proxecto modificado foi supervisado desfavorablemente o 14 de abril de 2020 polos servizos técnicos desta deputación en base ás seguintes deficiencias que se teñen que emendar:

“se ben se considera que o modificado está plenamente xustificado en función de razóns de seguridade e estabilidade da edificación, se debe eliminar toda mención a unha marca e un modelo concretos en todos aqueles apartados do proxecto nos que se menciona o ascensor a instalar.

Por outra banda, lémbrese que se debe incorporar ao expediente a xustificación de aprobación dos novos prezos non previstos no proxecto inicial, asinados pola Dirección de Obra e a representación da contrata.”]

Á vista do proxecto modificado presentado polo redactor en data 20.04.2020, documento con rexistro de entrada nº 20209990000296 e nota aclaratoria en relación aos prezos non previstos no proxecto inicial.

Tendo en conta o depósito da contía correspondente ao reaxuste do importe da garantía definitiva realizado pola empresa adjudicataria en data 11.05.2020.

Por resolución de Alcaldía número 270/2020 do 11.05.2020 iniciouse mediante a tramitación urxente o expediente de modificación Nº2 do proxecto de obra para “Reforma interior e mellora da acesibilidade da Escola de Nogueirosa” (POS+ 2018) redactado en outubro de 2019, conforme ao requirimento da Deputación da Coruña de data 17.04.2020

Consta escrito de conformidade coa modificación do proxecto remitido pola adjudicataria de data 11.05.2020, documento con rexistro de entrada nº 20209990000351.

Logo de ver o requirimento da Deputación da Coruña de data 13.05.2020, cuxo contido se transcribe, en estrato:

“Este proxecto modificado corrixido foi supervisado desfavorablemente polos servizos técnicos desta deputación polo seguinte motivo:

“aínda inclúe mencións a marcas ou modelos concretos, nomeadamente no capítulo de instalacións de climatización.”

Tendo en conta o proxecto modificado presentado por Óscar Sánchez Martínez de “Reforma interior e mellora da acesibilidade da Escola de Nogueirosa”(POS+ 2018)”, en data 14.05.2020, documento con rexistro de entrada nº 20200000000683, asinado dixitalmente o 14.05.2020.

Por resolución de Alcaldía número 275/2020 do 14.05.2020 resolveuse, entre outros:

“...//...PRIMEIRO.- Iniciar mediante a tramitación urxente o expediente de modificación do proxecto de obra para “Reforma interior e mellora da acesibilidade da Escola de Nogueirosa” (POS+2018), atendendo ao requirimento da Deputación de A Coruña de 13.05.2020, conforme ao documento presentado por Óscar Sánchez Martínez de “Reforma interior e mellora da acesibilidade da Escola de Nogueirosa”(POS+ 2018)”, en data 14.05.2020, documento con rexistro de entrada nº 20200000000683 e asinado dixitalmente o 14.05.2020.



SEGUNDO. - De conformidade co disposto no artigo 242 da Lei 9/2017, pónase de manifesto o presente acordo e o expediente completo a Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A., en trámite de audiencia, para que no prazo de 3 días hábiles, aleguen e presenten os documentos e xustificacións que estimen pertinentes...//...”

Consta escrito de conformidade coa modificación do proxecto remitido pola adjudicataria de data 18.05.2020, documento con rexistro de entrada nº 202099900000374.

Logo de ver o requirimento da Deputación da Coruña de data 15.05.2020, documento con rexistro de entrada nº 202000000000690 de 18.05.2020 no que, entre outros, se indica o seguinte:

“...//...Este proxecto modificado corrixido foi supervisado favorablemente polos servizos técnicos desta deputación

...//...”

Logo de ver o informe da arquitecta municipal, asinado dixitalmente en data cuxo contido se transcribe no seu literal

“

| | |
|--|---|
| CONCELLO DE | PONTEDEUME |
| DATA | 29/05/2020 |
| NOME E CARGO DAS PERSOAS QUE EMITEN O INFORME | MARTA GÓMEZ FERNÁNDEZ (ARQUITECTA MUNICIPAL) |
| DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO | PROXECTO DE REFORMA INTERIOR E MELLORA DE ACCESIBILIDADE DE ESCOLA UNITARIA DE NOGUEIROSA |
| ORZAMENTO DO INVESTIMENTO | 203.112,58 € (IVE engadido) |

DATOS DO SOLICITANTE:

Concello Pontedeume

Dirección: Rúa real, 13



D.N.I.: P-1507000-F

Dna. Marta Gómez Fernández, arquitecta municipal, cumprindo coa orde da Alcaldía e tendo examinado os datos técnicos e documentos aportados polo interesado no expediente, emite o seguinte

INFORME TÉCNICO

NORMATIVA

- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia. (LSG en adiante).
- D143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. (en adiante RLSG).
- D144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos. (en adiante RAEAE).
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de Ordenación do Territorio. (DOT en adiante).
- Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia. (POL en adiante).
- Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana. (LS en adiante).
- Decreto 29/2010, polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas en Galicia. (NHV en adiante)
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.
- Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado obrigatorio.
- Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación. (LOE en adiante).
- RD 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción.
- Inventario de Patrimonio Municipal aprobado por acordo plenario o 16 de decembro de 2015.
- Concordantes.

O Concello de Pontedeume conta a día de hoxe para o seu ordenamento municipal con Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) aprobado definitivamente pola Orde do 27 de maio de 2016 asinada pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Dna. María Encarnación Rivas Díaz. Segundo o art. 82 da LSG, con data de publicación no DOGA de 8 de



setembro de 2016 publicouse a ORDE de 27 de maio de 2016 de aprobación definitiva do PXOM de Ponte deume; con data de publicación no DOGA de 23 de setembro de 2016 publicouse a CORRECCIÓN DA ORDE de 27 de maio de 2016 de aprobación definitiva do PXOM de Ponte deume; con data de publicación no BOP de 6 de outubro de 2016 publicouse a Normativa e Ordenanzas no PXOM.

OBXECTO DO INFORME

Emítase o presente informe aos efectos sinalados no artigo 147.2. da LSG: “As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.”

Segundo o artigo 142 da LSG, a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

O presente informe ten por único obxecto comprobar, dende o punto de vista técnico, a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente.

Respecto ao ordenamento específico de edificación e uso, unicamente se comprobarán aquelas normas nas que expresamente se requira o control municipal.

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, no seu artigo 143.3 dispón: “Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel”.

DATOS DO PROXECTO

1.- OBXECTO DAS OBRAS DO PROXECTO

Consisten na reforma interior e mellora de accesibilidade da Escola Infantil en Nogueirosa.

Incluindo a construción de ascensor, rampas, aseo, escadas, salas e auditorio.

2.- PROMOTOR E PROXECTISTA

As obras son promovidas polo Concello de Ponte deume.

Consta proxecto asinado dixitalmente polo Arquitecto Óscar Sanchez Martínez.

A última versión do proxecto ten rexistro de entrada no Concello 14/05/2020 e nº de rexistro 20200000000683.

3.- EMPRAZAMENTO DAS OBRAS

As obras se desenrolan dentro do Concello de Ponte deume, na Escola de A Gándara, en Ponte deume.



ASUNTO E ANTECEDENTES

O 12 de decembro de 2017, con rexistro de entrada electrónica nº 201799900000159 presentase o proxecto asinado dixitalmente polo Arquitecto Óscar Sanchez Martínez. O citado proxecto foi informado favorablemente.

Consta acta de replanteo do proxecto asinada polo arquitecto técnico municipal David Álvarez o 31/10/2018. Consta acta de implantación asinada o 30/04/2019.

Durante a execución da obra se procedeu paralizar os traballos mediante orde de paralización asinada o 13/06/2019 debido ao mal estado dos pilares da edificación.

Como consecuencia deste imprevisto, se procede a redactar un anexo ao proxecto que contempla as actuacións de reforzo estrutural necesarias para subsanar esta situación.

Con data 29/10/2019 e número de rexistro de entrada 201999900000527 preséntase "Proyecto modificado de ejecución completo de reforma interior y mejora de accesibilidad en escuela infantil de Nogueirosa", asinado polo arquitecto Óscar Sanchez Martínez.

Segundo o establecido no proxecto, o obxecto da modificación respecto do proxecto inicial se reduce a un reforzo estrutural, que se describe: "Se plantea una solución que mejora la estructura existente, con el fin de no dañar la envolvente y el forjado existente. Se incorpora una estructura metálica formada por 12 nuevos pilares tubulares de acero SHS #100.5, situados por la cara interior de los pilares de HA deteriorados existentes. Anclados a placas de anclaje en una nueva cimentación con zapatas de 70x70x30 cm de HA por lo que se tendrá que excavar con medios manuales por el interior de la edificación hasta llegar a cota de apoyo. El sistema de suelo de la planta baja se mantendrá el del proyecto original. Como consecuencia también del peligro de derrumbe del forjado de la planta 1, se plantea un refuerzo metálico por la cara inferior del existente, unido a la nueva estructura metálica portante. Se incorporan una serie de vigas HE 340B uniendo los pilares, y unos perfiles IPE 240 como vigas secundarias."

Con data 08/11/2019 e nre 201999900000563 recíbese, por parte do arquitecto Óscar Sánchez Martínez, anexos ao proxecto.

Con data 15/11/2019 e nre 201900000004607 recíbese informe de supervisión de proxecto, informado favorablemente.

Con data 15/11/2019 e nre 201999900000589 recíbese "Proyecto modificado de ejecución completo de reforma interior y mejora de accesibilidad en escuela infantil de Nogueirosa", incorporando os anexos que foron informados favorablemente pola supervisión de proxectos.

Con data 17/04/2020 e nre 20200000000620 recíbese informe desfavorable do servizo de xestión de plans da Deputación da Coruña.

Con data 20/04/2020 e nre 202099900000296 recíbese proxecto correxido.

Con data 30/04/2020 recíbese nota aclaratoria do redactor do proxecto en relación aos prezos non previstos no proxecto inicial.

Con data 30/04/2020 emítase informe técnico municipal.

Con data 13/04/2020 recíbese solicitude de corrección por parte do Servizo de Xestión de Plans da Deputación da Coruña.



Con data 14/05/2020 recíbese proxecto técnico corrixido con nº de rexistro 20200000000683.

Con data 18/05/2020 e nº 202000000000690 recíbese informe do Servizo de Plans da Diputación no que se indica que o proxecto foi supervisado favorablemente polos servizos técnicos da Deputación.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

4.- CONDICIÓNS URBANÍSTICAS E TÉCNICAS

CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA

Conforme as PXOM a parcela se encontra en: Núcleo rural común (N2). Equipamento Socio Cultural Local Existente. (SCEL-5).

Plano de referencia no PXOM O-3/09.

Pola aplicación da disposición transitoria primeira e artigos relacionados da LSG:

“ 1. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras: /.../

c) Ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei

/.../”

Conforme as LSG a parcela se encontra en: Núcleo rural común (N2).

PERMISOS E AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS:

Precisarase autorización previa do organismo competente da Administración titular da estrada, Axencia Galega de Infraestruturas, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas posto que a escola se atopa a carón da estrada AC-144 de titularidade autonómica.

En data 16/02/2018, nr 683, recíbese autorización para as obras propostas. Os condicionantes que figuran na mesma no supón modificacións ao proxecto para o seu cumprimento. Así mesmo o proxecto modificado non supón alteracións que impliquen nova autorización sectorial. Considero que a obra se pode realizar coa autorización e co proxecto que figura no expediente.

SUPERVISIÓN TÉCNICA

De acordo co art. 235 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a supervisión do proxecto ten carácter facultativo o non superar o mesmo os 500.000 euros, salvo que se trate de obras



que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade das obras, en cuxo caso o informe será preceptivo.

Con data 18/05/2020 e nº 202000000000690 recíbese informe do Servizo de Plans da Deputación no que se indica que o proxecto foi supervisado favorablemente polos servizos técnicos da Deputación.

VIABILIDADE URBANÍSTICA:

As obras resultan viables urbanísticamente.

5.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA:

O orzamento do proxecto desglosase nos seguintes apartados:

| Descrición | Importe |
|---|---------------------|
| Proxecto: | |
| Presuposto de execución material | 141.060,20€ |
| 13,00 % Gastos xerais | 18.337,83 € |
| 6,00 % Beneficio industrial | 8.463,61 € |
| Presuposto base de Licitación | 167.861,64€ |
| 21,00 % IVE | 35.112,94 € |
| Presuposto Total | 203.112,58 € |

6.- CONTIDO DO PROXECTO:

Segundo a Ley 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación de la Edificación se require proxecto. Segundo a LSG se require proxecto. Segundo o art. 123 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, sobre o contido dos proxectos e responsabilidade derivada da súa elaboración: "No obstante, para los proyectos de obras de primer establecimiento, reforma o gran reparación inferiores a 350.000 euros, y para los restantes proyectos enumerados en el artículo anterior, se podrá simplificar, refundir o incluso suprimir, alguno o algunos de los documentos anteriores en la forma que en las normas de desarrollo de esta Ley se determine, siempre que la documentación resultante sea suficiente para definir, valorar y ejecutar las obras que comprenda. No obstante, sólo podrá prescindirse de la documentación indicada en la letra g) del apartado anterior en los casos en que así esté previsto en la normativa específica que la regula."

O proxecto técnico xustifica:

- Memoria explicativa.
- Planos.
- Orzamento detallado.
- Estudio básico de seguridade e saúde.



- *Estudio de xestión de residuos.*
- *Programa de traballo.*
- *Prego de prescricións técnicas particulares.*
- *Estudo xeotécnico.*
- *Xustificación de cumprimento de CTE.*
- *En canto o estudo xeotécnico, o técnico redactor do proxecto aporta valores para o calculo da cimentación. Deixa pendente ao informe de supervisión do proxecto a validez dos datos que figuran no mesmo.*

FASES

Segundo se comproba no proxecto, se consideran que as obras son completas e susceptible de utilización ou aproveitamento por separado.

ESTUDO XEOTÉCNICO

En canto o estudo xeotécnico, o técnico redactor do proxecto aporta valores para o calculo da cimentación. Deixa pendente ao informe de supervisión do proxecto a validez dos datos que figuran no mesmo.

Informe emitido segundo o meu leal saber e entender e salvo consideracións mellor fundadas ás que se somete a técnico que subscribe, tendo carácter exclusivamente técnico e sen prexuízo do que se formule no preceptivo informe xurídico ou en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para o axuste á legalidade vixente da actuación pretendida. Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo a terceiros.

O órgano competente para a resolución adoptará o acordo que estime máis oportuno.

Pontedeume,

A Arquitecta Municipal

Marta Gómez Fernández”

Logo de ver o informe da intervención municipal de referencia 115.2020, complementario 5.2020, asinado dixitalmente en data 28.05.2020, no que se indica que existe consignación adecuada e suficiente para facer fronte á obra, así como ao modificado, por importe de 16.799,97 euros.

De conformidade co establecido na Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.



Visto canto antecede esta alcaldía-presidencia, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 21.1 q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,
RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación nº2 do proxecto de obra para “Reforma interior e mellora da acesibilidade da Escola de Nogueirosa” (POS+2018), atendendo ao requerimento da Deputación de A Coruña de 13.05.2020, conforme ao documento presentado por Óscar Sánchez Martínez de “Reforma interior e mellora da acesibilidade da Escola de Nogueirosa”(POS+ 2018)”, en data 14.05.2020, documento con rexistro de entrada nº 20200000000683 e asinado dixitalmente o 14.05.2020.

SEGUNDO.- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 16.799,97 € (IVE incluído) derivado do incremento económico sobre o prezo de adxudicación do contrato, con cargo á partida 334.63203 do orzamento do ano 2020.

TERCEIRO.- Aprobar a modificación do contrato de obras para “Reforma interior e mellora da acesibilidade da Escola de Nogueirosa” (POS+ 2018) de conformidade co proxecto modificado documento presentado por Óscar Sánchez Martínez de “Reforma interior e mellora da acesibilidade da Escola de Nogueirosa”(POS+ 2018)”, en data 14.05.2020, documento con rexistro de entrada nº 20200000000683 e asinado dixitalmente o 14.05.2020.

CUARTO.- Notificar o presente acordo e instar á empresa adxudicataria da obra Eulogio Viñal Obras y Construcciones, SA, para a formalización da modificación do contrato de obra no prazo de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte á recepción do presente acordo, de conformidade co establecido no artigo 153 da Lei 9/2017, do 8 de novembro.

QUINTO.- Dar traslado do presente acto administrativo á Deputación Provincial da Coruña para os efectos da cláusula 8 das bases do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único Concellos) POS+ 2018.

SEXTO. - Publicar a presente resolución de aprobación da modificación do proxecto no perfil do contratante no prazo de 5 días dende a a aprobación da mesma, consonte ao establecido no artigo 207.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro.

SÉTIMO.- Dar traslado aos servizo de urbanismo e Intervención municipal debido aos efectos técnicos e económicos implícitos no presente acto administrativo.

OITAVO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D^a Marta Cajide Barbeito, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).”

Documento asinado dixitalmente por Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde-presidente, en Pontedeume a 19 de xuño de 2020”

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN**

12.- ACTIVIDADES DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.



1. MEDIDAS PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA DE GALIZA, DA SÚA INDUSTRIA E PARA A AUTONOMÍA DAS ADMINISTRACIÓNS LOCAIS

Sométese a votación a urxencia, quedando RATIFICADA A URXENCIA, coa INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA, por UNANIMIDADE dos/as membros presentes.

O portavoz do grupo municipal do BNG da lectura á moción, que se transcribe a continuación:

“MEDIDAS PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA DE GALIZA, DA SÚA INDUSTRIA E PARA A AUTONOMÍA DAS ADMINISTRACIÓNS LOCAIS*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

A crise económica e social que xa estamos a vivir como consecuencia da pandemia da covid- 19, vai ter unha virulencia especial na Galiza, cunha situación económica xa moi debilitada e dependente. Son imprescindibles políticas que rachen coas dinámicas que rebotan os efectos da crise sobre os sectores máis desfavorecidos, sobre as clases populares.

*Debido a que os concellos non teñen competencias estruturais en materia económica e política fiscal, faise preciso a elaboración dun **plan galego de reactivación económica e social**, consensuado entre as distintas administracións, forzas políticas, sectores e axentes sociais. Este plan urxente debe ter especialmente en conta a estrutura da economía galega, cunha elevadísima porcentaxe de traballadores e traballadoras por conta propia e pequenas empresas, **establecendo axudas directas, complementarias das do estado.***

*Dado que aos concellos imposibilitóuselles, na práctica, a utilización do superávit orzamentario, é necesario que nestes momentos de grave crise se poidan **destinar os remanentes orzamentarios de anos anteriores para aqueles fins que se consideren precisos**, aínda que isto supoña incumplir a regra de gasto ou incorra en inestabilidade. **É hora de rescatar ás persoas e non aos bancos.** É imprescindible derrogar a Lei Orgánica 2/2012 para que os concellos poidan adoptar políticas activas de emprego, solidariedade e reactivación económica.*

***Un gran número de postos de traballo no sector industrial están en perigo. Moitos nesta comarca.** Pode que arredor de 6.000 postos en toda Galiza. Non existe proposta ningunha dende o goberno central ou do goberno da Xunta para afrontar esta crise. A industria galega, en lugar de ser apoiada e planificada, vive no desamparo e o futuro non semella mellor.*

Un dos principais problemas que ameaza a viabilidade de moitas empresas son os altos custos da enerxía eléctrica. Na Galiza somos exportadores de enerxía, soportamos os custes ambientais desa produción, polo que é de xustiza, que existan compensacións. A solución pasa pola posta en marcha dunha Tarifa Eléctrica Galega e a reforma do Estatuto do consumidor electrointensivo, comprometidas polo Goberno de Madrid. Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galiza á elaboración con urxencia dun plan galego de axudas, que complemente as medidas do estado, a autónomos, pemes, traballadores e traballadoras.
2. Instar á FEGAMP e á Xunta de Galiza a esixir a derogación Lei Orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e a Lei 27/2013 de racionalización e sostibilidade da administración local (Lei Montoro) para permitir que os concellos poidan destinar os seus recursos a políticas activas de emprego, solidariedade e reactivación económica.
3. Manifestar a firme oposición da corporación municipal a calquera pretensión do Ministerio de Facenda de incautar ou bloquear os fondos municipais.
4. Instar da Xunta de Galicia e ao goberno do Estado a posibilitar unha Tarifa Eléctrica Galega que resarza a Galiza dos custos de produción e que permita ás familias e á industria asentada no territorio beneficiarse da riqueza enerxética do noso país.
5. Instar ao goberno do Estado a pór en funcionamento o Estatuto do Consumidor Electointensivo que permita que factorías como Alcoa San Cibrao poida manter a súa actividade produtiva sen perdas económicas e así garantir o futuro da factoría e dos postos de traballo da mesma.

Pontedeume, San Xoán 2020”

De seguido, sométese a votación a moción punto por punto:

- Os concelleiros do Grupo Municipal do PSDG-PSOE: **D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro**, votan a favor os puntos 1, 3, 4 e 5, abstéñense no punto 2.

- Os concelleiros do Grupo Municipal do PP: **D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González**, votan a favor os puntos 3 e 5, abstéñense nos puntos 1, 2, e 4

- Os concelleiros do Grupo Municipal do BNG: **D. Luis Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre**, votan a favor todos os puntos

Quedando adoptados os **ACORDOS** seguintes:

1. Instar á Xunta de Galiza á elaboración con urxencia dun plan galego de axudas, que complemente as medidas do estado, a autónomos, pemes, traballadores e traballadoras.
2. Instar á FEGAMP e á Xunta de Galiza a esixir a derogación Lei Orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e a Lei 27/2013 de racionalización e sostibilidade da administración local (Lei Montoro) para permitir que os concellos poidan destinar os seus recursos a políticas activas de emprego, solidariedade e reactivación económica.
3. Manifestar a firme oposición da corporación municipal a calquera pretensión do Ministerio de Facenda de incautar ou bloquear os fondos municipais.
4. Instar da Xunta de Galicia e ao goberno do Estado a posibilitar unha Tarifa Eléctrica Galega que resarza a Galiza dos custos de produción e que permita ás familias e á industria asentada no territorio beneficiarse da riqueza enerxética do noso país.



5. Instar ao goberno do Estado a pór en funcionamento o Estatuto do Consumidor Electointensivo que permita que factorías como Alcoa San Cibrao poida manter a súa actividade produtiva sen perdas económicas e así garantir o futuro da factoría e dos postos de traballo da mesma

2. EN DEFENSA DA DIVERSIDADE E LIBERDADE SEXUAL DAS PERSOAS

Sométese a votación a urxencia, quedando RATIFICADA A URXENCIA, coa INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA, por UNANIMIDADE dos/las membros presentes.

O portavoz do grupo municipal do BNG da lectura á moción, que se transcribe a continuación

"EN DEFENSA DA DIVERSIDADE E LIBERDADE SEXUAL DAS PERSOAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa 30 anos, a Organización Mundial da Saúde suprimiu finalmente a homosexualidade da súa listaxe de enfermidades mentais, feito co que se pretendía acabar con case un século de homofobia médica e discriminación contra as persoas LGBT. Porén, a pesar das innegábeis mellorías desde entón, as persoas LGBT seguen a padecer discriminación pola súa orientación sexual e/ou identidade de xénero tamén na Galiza.

É importante sinalar que o período de confinamento imposto para frear a pandemia da COVID- 19 puido ter como consecuencia o empeoramento da situación de moitas persoas LGBT ao se veren rachadas as súas redes de apoio habitual. Xustamente, por esta e moitas outras razón é imperativo seguirmos a visibilizar os obstáculos e as discriminacións que continúan a asolar a vida das persoas LGBT.

É a nosa obriga aproveitar o mes do Orgullo, e concretamente o Día Internacional do Orgullo LGTB que se celebra cada 28 de xuño, para reivindicarmos a necesidade da visibilidade das persoas LGBT como parte integral da nosa sociedade e para demandarmos unha maior atención sobre a necesidade de traballar contra a discriminación.

A Corporación Municipal de Ponte deume reconece explícita e publicamente que os dereitos das persoas LGTB son dereitos humanos e que a diversidade sexual debe contemplarse como un dereito básico en calquera ámbito da vida.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

Ponte deume, San Xoán 2020"



1. Que a Corporación realice unha declaración institucional consensuadaco resto dos grupos rexeitando calquera tipo de violencia ou discriminación por motivo sexual e defensa da diversidade e liberdade sexual das persoas
2. Que se coloque unha bandeira LGBT na casa do concello e outra no Torreón durante os días que se considere.
3. Que se realicen algunha actividade presencial de reivindicación concienciación nos próximos días: palestras, contacontos, instalacións artísticas, actividades lúdicas...

A Presidencia abre a quenda para o debate...//...

- Toma a palabra o Sr. Bernardo Fernández, a bandeira é difícil conseguila nesas dimensións, pois unha normal non se ve.

- Toma a palabra o Sra. Raquel Caruncho, estamos adheridos a campaña que presenta a Diputación da Coruña desde o ano pasado. Estamos tamén nas redes sociais, con persoas que están traballando de cheo. Temos previsto outro tipo de frases en referencia ó 25 de novembro, para sensibilizar ás persoas, entendemos que o tema da diversidade sexual é todo o ano, non só un día. As frases son un recordatorio diario desas pequenas escaleiras que son o pasiño a pasiño que temos que ir traballando ano tras ano. Está prevista unha parcarta, colocada neste balcón, e posiblemente cada ano noutros edificios. Con respecto ás actividades puntuais, non temos programado, xa que en redes sociais se está movendo a Diputación neste eido.

- Toma a palabra o Sr Bernardo Fernández, o problema que temos coas actividades son os aforos e a seguridade de nenos e nenas.

- Toma a palabra o Sra. Rocío Souto, as redes sociais non chegan a todos.

- Toma a palabra o Sra. Raquel Caruncho, agora mesmo polo confinamento si.

- Toma a palabra o Sr Bernardo Fernández, non temos inconvinte en votala a favor. En temas de campañas de igualdade, o concello funciona moi ben. Actividades de igualdade temos todo o ano. Este ano non se fixo polo tema do Covid, pero si que se preparará algunha

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a moción, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, os **ACORDOS** seguintes:

1. Que a Corporación realice unha declaración institucional consensuadaco resto dos grupos rexeitando calquera tipo de violencia ou discriminación por motivo sexual e defensa da diversidade e liberdade sexual das persoas
2. Que se coloque unha bandeira LGBT na casa do concello e outra no Torreón durante os días que se considere.
3. Que se realicen algunha actividade presencial de reivindicación concienciación nos próximos días: palestras, contacontos, instalacións artísticas, actividades lúdicas...

13.- RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:



**“DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25.06.2020**

Expediente TEDeC: 2020/G006/000058

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números 128.2020 de 21 de febreiro ao 339.2020 de 17 de xuño de 2020, ambos os dous incluídos, os seguintes:

| Nº de Expediente | Asunto | Nº Decreto | Fecha Firma |
|------------------|---|------------|---------------------|
| 2020/G003/000124 | LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2019.- | 00128/2020 | 21-02-2020 10:38 |
| 2020/G003/000129 | CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 27.02.2020 | 00129/2020 | 24-02-2020 14:24 |
| 2020/G003/000130 | APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2019.- | 00130/2020 | 24-02-2020 15:19 |
| 2020/G003/000126 | RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 126/2020 DE SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA O MANTENIMENTO DUN TÉCNICO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL. DEPUTACIÓN 2020. EXPTE 2020/G003/000123 | 00131/2020 | 25-02-2020 11:19 |
| 2020/G003/000092 | Solicitud de subvención para a contratación de 1 peón para labores de mantemento e valorización forestal. Aprot Rural 2.020 | 00132/2020 | 25-02-2020 10:28 |
| 2020/G003/000121 | SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA CONTRATACIÓN DE TÉCNICO DE DEPORTES. DEPUTACIÓN 2020 | 00133/2020 | 25-02-2020 11:19 |
| 2020/G003/000132 | MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 1, INCORPORACIÓN DE REMANENTES 1.- | 00134/2020 | 25-02-2020 10:31 |
| 2020/G003/000134 | RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 670/2020 DE Solicitud de subvención para a contratación de 1 peón para labores de mantemento e valorización forestal. Aprot Rural 2.020. EXPTE 2020/G003/000092 | 00135/2020 | 25-02-2020 13:45 |
| 2019/G003/000775 | EXECUCIÓN DE SENTENZA PROCEDEMENTO ABREVIADO 0000029/ 2019 DE GENERALI SEGUROS SA., CONTRA VIAQUA, XESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA SAU e o CONCELLO DE PONTEDEUME POR RESPONSABILIDAE PATRIMONIAL. | 00136/2020 | 25-02-2020 13:45 |



| | | | |
|------------------|--|------------|------------------|
| 2020/G003/000115 | DECRETO DE INICIO DE PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRAFICO 2020_06 (AI 99500000019784) | 00137/2020 | 25-02-2020 15:18 |
| 2020/G003/000099 | SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE SOCORRISTAS PARA O ANO 2.020. | 00138/2020 | 26-02-2020 09:55 |
| 2020/G003/000138 | MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 2, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.- | 00139/2020 | 26-02-2020 14:13 |
| 2019/G003/000840 | CAMBIO DE TITULARIDADE NO RECIBO DE RECOLLIDA DE LIXO DA VIVENDA SITA EN O CAL 35A ANDRADE A SOLICITUDE DE ADRIANA MARTÍNEZ GARCÍA | 00140/2020 | 26-02-2020 14:13 |
| 2020/G003/000083 | MODIFICACIÓN DO SUXEITO PASIVO (NA CONDICIÓ DE SUBSTITUTO DO CONTRIBUÍNTE) DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO Nº FIXO 253000634069 DA RÚA SANTIAGO, 17-BAIXO | 00141/2020 | 27-02-2020 11:02 |
| 2020/G003/000034 | PAGAMENTO EXPROPIACIÓNS DO PLAN TRAVESIAS E SEGURIDADE VIAL NA D.P. 4803 MIÑO A PONTEDEUME DO P.Q. 3+800 AO 7+100, E DO 10+250 AO 10+750 (MIÑO E PONTEDEUME) | 00142/2020 | 27-02-2020 11:02 |
| 2020/G003/000112 | XXX CONCURSO DE CONTOS VILA DE PONTEDEUME | 00143/2020 | 27-02-2020 10:26 |
| 2020/G003/000135 | PADRÓNS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA, MES DECEMBRO 2019 | 00144/2020 | 27-02-2020 11:03 |
| 2020/G003/000114 | PERSOAL-INCIDENCIAS NÓMINA MES FEBREIRO 2020. | 00145/2020 | 27-02-2020 14:13 |
| 2020/G003/000113 | PERSOAL-APROBACIÓN NÓMINA MES FEBREIRO 2020. | 00146/2020 | 27-02-2020 14:13 |
| 2020/G003/000100 | Solicitud General. Solicita: Reconocimiento del complemento de antigüedad según la documentación que se adjunta | 00147/2020 | 27-02-2020 14:13 |
| 2020/G003/000137 | SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA CONTRATACIÓN DE TÉCNICO DE MUSEOS E CENTROS DE INTERPRETACIÓN.DEPUTACIÓN 2020 | 00148/2020 | 27-02-2020 14:13 |
| 2020/G003/000143 | Xustificación do Programa de Financiamento dos Servizos Sociais Municipais ano 2019 (FOPSS) Deputación | 00149/2020 | 28-02-2020 10:47 |
| 2020/G003/000136 | SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DE RISGA. 2.020 | 00150/2020 | 28-02-2020 11:11 |
| 2020/G003/000145 | SUBSTITUCIÓN SECRETARIA DA MESA CONTRATACIÓN PARA OBRA RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA DENDE PORTIÑO ATA ANDURIÑA. EXPTE 2018/C003/000010 | 00151/2020 | 28-02-2020 11:11 |
| 2020/G003/000144 | EXPEDIENTE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE | 00152/2020 | 28-02-2020 |



| | | | |
|------------------|--|------------|---------------------|
| | CREDITO PLENO E 413 | | 11:11 |
| 2020/G003/000122 | SEGUROS SOCIAIS XANEIRO 2020 | 00153/2020 | 28-02-2020 11:46 |
| 2020/G003/000150 | CORRECCIÓN DE ERROS EXPTE. DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 2, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO. EXPTE. 2020/G003/000138 | 00154/2020 | 28-02-2020 12:54 |
| 2020/G003/000102 | PROPOSTA DE ALTAS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA) | 00155/2020 | 02-03-2020 13:08 |
| 2020/G003/000141 | RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITO E 413 | 00156/2020 | 02-03-2020 13:08 |
| 2020/G003/000153 | ADHESIÓN AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS ANO 2020 (FOPSS) | 00157/2020 | 03-03-2020 12:05 |
| 2020/G003/000142 | SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.DEPUTACIÓN 2020 | 00158/2020 | 03-03-2020 12:17 |
| 2020/G003/000133 | Solicitud de subvención para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas para o ano 2020. | 00159/2020 | 03-03-2020 12:17 |
| 2020/G003/000149 | APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F/2020/3 | 00160/2020 | 03-03-2020 12:04 |
| 2020/G003/000158 | CONVOCATORIA SUBVENIONES NOMINATIVAS BALONMANO 2018 | 00161/2020 | 03-03-2020 15:27 |
| 2020/G003/000155 | DECRETO DE INICIO DE PROCEDIMENTO SANCIONADOR DE TRAFICO 2020_07 (AI 99500000019820) | 00162/2020 | 04-03-2020 10:34 |
| 2020/G003/000131 | Solicitud de subvención para actividades na Biblioteca Municipal. Programación de actividades de dinamización da lectura Ler conta moito, 2.020. | 00163/2020 | 04-03-2020 14:50 |
| 2020/G003/000173 | CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 10.03.2020 | 00164/2020 | 05-03-2020 15:32 |
| 2020/G003/000068 | CONTRATACIÓN AUXILIAR POLICIA LOCAL | 00165/2020 | 06-03-2020 11:29 |
| 2020/G003/000128 | Solicitud Xeral. Solicita: Comunicación por escrito sobre a posibilidade de concesión dunha excedencia no posto que actualmente ocupa no Concello de Ponte deume e no relativo ao réxime de excedencia que corre | 00166/2020 | 06-03-2020 11:29 |



| | | | |
|------------------|--|------------|---------------------|
| 2020/G003/000152 | SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DE CULTURA NO CAMIÑO. AGADIC 2020 | 00167/2020 | 06-03-2020 11:29 |
| 2020/G003/000178 | SOLICITUD DE MELLORAS NO MERCADO MUNICIPAL. 2.020 | 00168/2020 | 06-03-2020 12:14 |
| 2020/G003/000179 | NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS DE DOUS POLICÍAS LOCAIS | 00169/2020 | 06-03-2020 19:55 |
| 2020/G003/000175 | SOLICITUDE DE AGADER 2020-2021. CAMIÑO DE CASTRELO. (CENTROÑA) | 00170/2020 | 09-03-2020 10:25 |
| 2019/G003/000886 | EXPEDIENTE VIAQUA 2019-INSTAR A APROBAR LIQUIDACIONES CONTRATO CONCESIÓN | 00171/2020 | 09-03-2020 10:49 |
| 2020/G003/000154 | PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (LIBRE CONCORRENCIA) | 00172/2020 | 09-03-2020 13:39 |
| 2020/G003/000180 | MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 3, INCORPORACIÓN DE REMANENTES NÚMERO 2.- | 00173/2020 | 09-03-2020 14:09 |
| 2020/G003/000156 | AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL | 00174/2020 | 09-03-2020 14:08 |
| 2020/G003/000181 | MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 4, XERACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 1.- | 00175/2020 | 09-03-2020 14:18 |
| 2020/G003/000172 | SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAL NAS OFICINAS DE TURISMO ENTRE O 15 DE MAIO E O 30 DE OUTUBRO. 2020 | 00176/2020 | 09-03-2020 15:00 |
| 2020/G003/000182 | MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 5, XERACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 2.- | 00177/2020 | 09-03-2020 14:44 |
| 2020/G003/000171 | Solicitude do Programa de subvencións para limpeza de praias marítimas. Deputación 2.020 | 00178/2020 | 10-03-2020 11:06 |
| 2020/G003/000184 | PROCESO SELECCIÓN AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO DEPARTAMENTO DE URBANISMO, FUNCIONARIO INTERINO. | 00179/2020 | 10-03-2020 15:20 |
| 2020/G003/000186 | RECUPERACIÓN DA FONTE LAVADOIRO DE A GRAÑA. AXUDA PARQUES NATURAIS 2.020 | 00180/2020 | 11-03-2020 12:19 |
| 2020/G003/000191 | ADXUDICACIÓN CONTRATO VISITAS GUIADAS TEATRALIZADAS "A PONTE DO DEMO" (TU300A. Liña 1) | 00181/2020 | 11-03-2020 15:14 |
| 2020/G003/000070 | SOLICITA A LIQUIDACION CORRESPONDENTE AO CONTRATO DE CONDUCTOR DO CONCELLO. BAIXA VOLUNTARIA 31/05/19 | 00182/2020 | 11-03-2020 15:13 |
| 2020/G003/000176 | RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 150/2020 DE SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DE RISGA. 2.020 | 00183/2020 | 11-03-2020 15:13 |



| | | | |
|------------------|--|------------|---------------------|
| | EXPTE 2020/G003/000136 | | |
| 2020/G003/000187 | Decreto aprobación Bases VII mes de teatro Afeccionado Ponte deume en Obras 2020 | 00184/2020 | 11-03-2020 15:13 |
| 2020/G003/000170 | ENCOMENDA DE DEFENSA NO PROCEDIMIENTO ORDINARIO 595/2018, | 00185/2020 | 11-03-2020 15:13 |
| 2020/G003/000192 | APROBACIÓN PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO, 2021-2023.- | 00186/2020 | 11-03-2020 15:13 |
| 2020/G003/000183 | RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES NO MES DE FEBREIRO DO 2020 | 00187/2020 | 12-03-2020 13:24 |
| 2019/G003/000923 | MODIFICACIÓN TITULAR DOS RECIBOS DE RECOLLIDA DE LIXO DE VIVENDAS SITA EN CABRIA NOVA 60 E O BARRO 50 | 00188/2020 | 12-03-2020 13:24 |
| 2020/G003/000190 | SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA LA REFORMA PARCIAL-ACONDICIONAMIENTO DE LA CASA DEL DEL CONCELLO DE PONTEDEUME. MINISTERIO DE CULTURA. 1,5 CULTURAL. AÑO 2.020 | 00189/2020 | 12-03-2020 17:03 |
| 2020/G003/000195 | ADOPCIÓN DE MEDIDAS EN MATERIA DE EMPLEO ANTE LA ALERTA SANITARIA QUE SUPONE EL CORONAVIRUS COVID19 | 00190/2020 | 13-03-2020 16:39 |
| 2020/G003/000200 | FUNCIONAMIENTO DOS SERVIZOS ADMINISTRATIVOS MUNICIPAIS DURANTE A VIXENCIA DO ESTADO DE ALARMA DECLARADO MEDIANTE "Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19." (BOE nº67 de 14 de marzo). | 00191/2020 | 16-03-2020 14:14 |
| 2020/G003/000194 | NOMEAMENTO OFICIAL-XEFE POLICIA LOCAL, CON CARÁCTER ACCIDENTAL | 00192/2020 | 16-03-2020 14:13 |
| 2020/G003/000201 | RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/4 | 00193/2020 | 17-03-2020 11:38 |
| 2020/G003/000196 | IRPF FEBREIRO DE 2020 | 00194/2020 | 18-03-2020 11:24 |
| 2020/G003/000202 | DECRETO PAGO SUBVENCIÓN NOMINATIVA BALONMANO 2019 | 00195/2020 | 18-03-2020 13:44 |
| 2020/G003/000212 | PAGO DA COLABORACIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO DE 2020 (231,22 EUROS) IES FRAGA DO EUME | 00196/2020 | 24-03-2020 13:28 |
| 2020/G003/000163 | LIQUIDACIÓN PROVISIONAL ICIO E TAXA URBANÍSTICA | 00197/2020 | 24-03-2020 |



| | | | |
|------------------|---|------------|---------------------|
| | COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA PINTADO VIVENDA EN AVDA. CORUÑA 7 | | 13:28 |
| 2020/G003/000162 | LIQUIDACIÓNS PROVISIONAIS DE ICIO E TAXA URBANÍSTICA COMUNICACIÓN PREVIA REFORMA DE BAIXO EN REAL 35 . | 00198/2020 | 24-03-2020 13:28 |
| 2020/G003/000147 | APROBACIÓN LIQUIDACIÓNS PROVISIONAIS POR COMUNICACION PREVIA DE OBRA PARA TRABALLOS DE CONSERVACION DE VIVENDA SITA EN PZ DAS ANGUSTIAS 3 | 00199/2020 | 24-03-2020 13:28 |
| 2020/G003/000213 | APRAZAMENTO DA CELEBRACIÓN DO CERTAME "VII Mes Teatro Aficionado Pontedeume en Obras 2020" | 00200/2020 | 24-03-2020 13:28 |
| 2020/G003/000211 | PERSOAL-MEDIDAS PREVENCIÓN DE RISCOS TELETRABALLO: ACREDITACIÓN DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN E DOS TEST DE AUTOAVALIACIÓN DO PERSOAL | 00201/2020 | 25-03-2020 13:38 |
| 2020/G003/000207 | PERSOAL-INCIDENCIAS NÓMINA MES MARZO 2020. | 00202/2020 | 26-03-2020 13:16 |
| 2020/G003/000215 | RESOLUCIÓN APROBANDO NÓMINA MES DE MARZO DE 2020 | 00203/2020 | 26-03-2020 13:16 |
| 2020/G003/000218 | RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO Nº 200.2020 DE APRAZAMENTO DO CERTAME "VII Mes Teatro Aficionado Pontedeume en Obras 2020" | 00204/2020 | 26-03-2020 13:27 |
| 2020/G003/000219 | APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2020/5 | 00205/2020 | 26-03-2020 13:27 |
| 2020/G003/000146 | APROBACIÓN DE LIQUIDACIÓNS PROVISIONAIS POR COMUNICACION PREVIA DE OBRA SITA EN RIO EUME 3, 4º G | 00206/2020 | 27-03-2020 13:38 |
| 2020/G003/000210 | SOLICITUDE AXUDA AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA A ANUALIDADE 2020. | 00207/2020 | 27-03-2020 13:37 |
| 2020/G003/000216 | PERSOAL-SEGUROS SOCIAIS MES DE FEBREIRO DE 2020 | 00208/2020 | 27-03-2020 14:00 |
| 2020/G003/000214 | SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA O PROYECTO TÉCNICO DE REHABILITACIÓN ENERGÉTICA DEL EDIFICIO DE SERVICIOS SOCIALES DEL AYUNTAMIENTO DE PONTEDEUME. IDAE 2.020 | 00209/2020 | 27-03-2020 14:12 |
| 2020/G003/000165 | LIQUIDACIÓN PROVISIONAL ICIO E TAXA URBANÍSTICA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA PINTADO DE FACHADA | 00210/2020 | 30-03-2020 12:02 |
| 2020/G003/000229 | EXPEDIENTE DE NOVA ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS ADMINISTRATIVOS MUNICIPAIS DURANTE A VIXENCIA DO ESTADO DE ALARMA, Á VISTA DAS MEDIDAS ADOPTADAS POLO GOBERNO DO ESTADO MEDIANTE | 00211/2020 | 30-03-2020 14:48 |



| | | | |
|------------------|---|------------|---------------------|
| | REAL DECRETO-LEI 10/2020, DE 29 DE MARZO, POLO QUE SE REGULA UN PERMISO RETRIBUÍDO RECUPERABLE PARA AS PERSOAS TRABALLADORAS POR CONTA ALLEA QUE NON PRESTEN SERVIZOS ESENCIAIS, CO FIN DE REDUCIR A MOBILIDADE DA POBOACIÓN NO CONTEXTO DA LOITA CONTRA O COVID-19. (BOE Nº 87 DE 29 DE MARZO) | | |
| 2020/G003/000139 | DEVOLUCION DE INGRESOS INDEBIDOS COMUNIDAD DE PROPIETARIOS Nº 17 AVDA RICARDO SANCHEZ. | 00212/2020 | 30-03-2020 15:16 |
| 2020/G003/000234 | MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 6, MODALIDADE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.- | 00213/2020 | 01-04-2020 12:26 |
| 2020/G003/000222 | PROPOSTA DE ANULACIÓN DE DEREITOS DE PRESCRICIÓN. | 00214/2020 | 01-04-2020 12:01 |
| 2020/G003/000230 | EXPEDIENTE EDM INVERNO 2019/20 | 00215/2020 | 01-04-2020 13:55 |
| 2020/G003/000233 | PAGO DA COLABORACIÓN SEGUNDO O CONVENIO CO IES FRAGA DO EUME DO MES DE FEBREIRO | 00216/2020 | 01-04-2020 13:55 |
| 2020/G003/000103 | Pago do 10% restante da subvención 2019 das Festas das Peras. | 00217/2020 | 03-04-2020 11:32 |
| 2020/G003/000168 | LIQUIDACIÓN PROVISIONAL ICIO E TAXA URBANISTICA C.P. OBRA PINTADO DE FACHADA EN RÚA PORTO 8 | 00218/2020 | 03-04-2020 11:32 |
| 2020/G003/000167 | LIQUIDACIÓN PROVISIONAL ICIO E TAXA URBANÍSTICA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA PINTADO DE GALERÍA EN AVDA. LOMBARDEIRO | 00219/2020 | 03-04-2020 11:32 |
| 2019/G003/000929 | COMPENSACIÓN DE DÉBEDAS ANTONIO BARALLOBRE S.L (PARTE II), RECTIFICACIÓN RESOLUCIÓN (NO POSIBLE NOTIFICACIÓN-NO NECESARIA AUDIENCIA RECTIFICACIÓN FECHAS- APLICACIÓN A PRESUPUESTO DEL PENDIENTE DE APLICACIÓN) | 00220/2020 | 03-04-2020 12:03 |
| 2020/G003/000164 | LIQUIDACIÓN PROVISIONAL ICIO E TAXA URBANÍSTICA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA IMPERMEABILIZACIÓN DE FACHADA | 00221/2020 | 03-04-2020 12:03 |
| 2020/G003/000166 | LIQUIDACIÓN PROVISIONAL ICIO E TAXA URBANÍSTICA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA PINTADO FACHADA RÚA REAL | 00222/2020 | 03-04-2020 12:35 |
| 2020/G003/000206 | APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 2, 3, 4 E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA -CAMIÑO DO MOJO-. PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2019-2020. | 00223/2020 | 03-04-2020 12:35 |
| 2020/G003/000237 | AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL | 00224/2020 | 06-04-2020 |



| | | | |
|------------------|--|------------|---------------------|
| | | | 16:23 |
| 2019/G003/000931 | APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA REFORMA INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA INFANTIL DE NOGUEIROSA (POS+ 2018). EXPTE Nº 2018/C003/000008 | 00225/2020 | 06-04-2020 16:23 |
| 2020/G003/000223 | XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EN MATERIA DE MEDIO AMBIENTE DURANTE O ANO 2019. | 00226/2020 | 06-04-2020 16:23 |
| 2020/G003/000224 | APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO "Mellora do Trazado do Camiño en Centroña ata o seu encontro coa estrada provincial DP-4803" (POS+2019) | 00227/2020 | 06-04-2020 16:23 |
| 2020/G003/000110 | EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DE CONTRATO DE SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE DA OBRA PARA GRADERÍO EN CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL (EXPTE: 2017/C002/000003) | 00228/2020 | 07-04-2020 13:15 |
| 2020/G003/000198 | DECRETO DETERMINANDO RECTIFICAR O Nº 171/2020 | 00229/2020 | 07-04-2020 15:05 |
| 2020/G003/000240 | EXPEDIENTE PRORROGA DA RESOLUCIÓN NÚM. 211/2020 DE NOVA ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS ADMINISTRATIVOS MUNICIPAIS DURANTE A VIXENCIA DO ESTADO DE ALARMA, Á VISTA DAS MEDIDAS ADOPTADAS POLO GOBERNO DO ESTADO MEDIANTE Real Decreto-lei 10/2020, de 29 de marzo, | 00230/2020 | 07-04-2020 15:05 |
| 2020/G003/000235 | XUSTIFICACIÓN DO TÉCNICO DE DEPORTES. DEPUTACIÓN 2.019 | 00231/2020 | 07-04-2020 15:05 |
| 2020/G003/000232 | NOMEAMENTO AUX. POLICÍA LOCAL PARA SUBSTITUCIÓN DE BAIXA | 00232/2020 | 13-04-2020 10:26 |
| 2020/G003/000231 | RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO Nº 124/2020, DE APROBACIÓN DOS PADRÓNS SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA, MES NOVEMBRO 2019 | 00233/2020 | 13-04-2020 12:05 |
| 2020/G003/000226 | DEUDA TRIBUTARIA PENDIENTE EN VIA EJECUTIVA. PRESTACION SERV.Y ACTIV. UTILIZACION DOMINIO PUB. MARITIMO TERRESTRE. 2019 TASA OPC12/05-2019 INSTALACIÓN CASETA | 00234/2020 | 14-04-2020 11:03 |
| 2020/G003/000238 | XUSTIFICACIÓN DE LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS. AXUDA DEPUTACIÓN 2.019 | 00235/2020 | 14-04-2020 11:03 |
| 2020/G003/000250 | CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 17.04.2020 | 00236/2020 | 14-04-2020 15:35 |
| 2020/G003/000248 | RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO F/2020/7 E LIQUIDACIÓN XANTAR NA CASA 4º TRIMESTRE 2019 | 00237/2020 | 15-04-2020 11:48 |
| 2020/G003/000249 | APROBACIÓN FACTURAS F/2020/8 | 00238/2020 | 15-04-2020 |



| | | | |
|------------------|--|------------|---------------------|
| | | | 11:48 |
| 2020/G003/000247 | XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL (PIL 2019) DEPUTACIÓN. | 00239/2020 | 16-04-2020 12:22 |
| 2020/G003/000251 | IRPF MARZO 2020 | 00240/2020 | 16-04-2020 12:22 |
| 2020/G003/000246 | XUSTIFICACIÓN DO ANIMADOR CULTURAL. DEPUTACIÓN 2.019 | 00241/2020 | 16-04-2020 12:22 |
| 2020/G003/000259 | NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL | 00242/2020 | 20-04-2020 12:48 |
| 2020/G003/000257 | NOMEAMENTO TESOUREIRO ACCIDENTAL | 00243/2020 | 20-04-2020 12:49 |
| 2020/G003/000244 | ADXUDICACIÓN CONTRATO DO SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE PARA VARIAS OBRAS DO CONCELLO DE PONTEDEUME | 00244/2020 | 17-04-2020 14:29 |
| 2020/G003/000245 | RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES NO MES DE MARZO 2020 | 00245/2020 | 17-04-2020 14:29 |
| 2020/G003/000255 | APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, XESTIÓN DE RESIDUOS, SUBMINISTRADORES E SUBCONTRATAS E PROGRAMA DE TRABALLO PARA OBRA CUBERTA EN PARQUE BIOSALUDABLE (PMA Adicional 2016) EXPTE 2019/C003/000002 | 00246/2020 | 23-04-2020 14:46 |
| 2020/G003/000260 | EXPEDIENTE DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITO PELNO E 413. F/2020/6 | 00247/2020 | 22-04-2020 13:11 |
| 2020/G003/000269 | LICENCIA PREVIA DE OBRA PARA CONSTRUCCION DE VIVENDA UNIFAMILIAR AISLADA EN SAN CIBRAO | 00248/2020 | 24-04-2020 14:24 |
| 2020/G003/000270 | CONTROL DE CALIDADE DA OBRA "RENOVACIÓN DA REDE XERAL DE TUBAXES DE AUGA POTABLE EN NOGUEIROSA" (2018/C003/000007) | 00249/2020 | 24-04-2020 14:54 |
| 2020/G003/000271 | NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL | 00250/2020 | 27-04-2020 12:53 |
| 2020/G003/000268 | APROBACIÓN LIQUIDACIÓN DA PUBLICACIÓN NO BOP DA OFERTA DE EMPREGO 2019. | 00251/2020 | 27-04-2020 12:53 |
| 2020/G003/000264 | PERSOAL-INCIDENCIAS NÓMINA MES ABRIL 2020. | 00252/2020 | 28-04-2020 12:42 |
| 2020/G003/000272 | PERSOAL-RESOLUCIÓN APROBACIÓN NÓMINA MES | 00253/2020 | 28-04-2020 |



| | | | |
|------------------|--|------------|---------------------|
| | ABRIL 2020. | | 12:42 |
| 2020/G003/000263 | SEGUROS SOCIAIS MES MARZO 2020. | 00254/2020 | 29-04-2020 13:06 |
| 2020/G003/000274 | APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN PROXECTO CANTINA PASEO MARÍTIMO (POS +2020) | 00255/2020 | 30-04-2020 11:38 |
| 2020/G003/000277 | NOMEAMENTO DE TESOUREIRA TITULAR DO CONCELLO DE PONTEDEUME. | 00256/2020 | 30-04-2020 13:37 |
| 2020/G003/000276 | COMPRA MASCARILLAS CON MOTIVO DA CRISE SANITARIA DO COVID-19 | 00257/2020 | 30-04-2020 12:51 |
| 2020/G003/000262 | NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN DE OBRA CUBERTA EN PARQUE BIOSALUDABLE (PMA ADICIONAL 2016) | 00258/2020 | 05-05-2020 11:26 |
| 2020/G003/000169 | NOMEAMENTO DAS PERSOAS MEMBRO DO XURADO DO XXX CONCURSO DE CONTOS VILA DE PONTEDEUME | 00259/2020 | 05-05-2020 11:26 |
| 2020/G003/000265 | PERSOAL-RENUNCIA AO POSTO DE AUXILIAR DE POLICIA LOCAL NO CONCELLO | 00260/2020 | 06-05-2020 13:14 |
| 2020/G003/000273 | XUSTIFICACIÓN DO PERSOAL DINAMIZADOR DO PLAN DE INCLUSIÓN DIXITAL DO 1º TRIMESTRE 2020 | 00261/2020 | 06-05-2020 13:14 |
| 2020/G003/000227 | PROCESO SELECCIÓN AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO DEPARTAMENTO DE URBANISMO, FUNCIONARIO INTERINO. | 00262/2020 | 06-05-2020 13:15 |
| 2019/G003/000835 | CAMBIO DE TITULAR DO RECIBO DE RECOLLIDA DE LIXO A SOLICITUDE DE FELISINDO FUENTES OTERO | 00263/2020 | 06-05-2020 13:15 |
| 2020/G003/000279 | Regularización dos servizos municipais tras a publicación da Orden SND/387/2020, pola que se regula o proceso de cogobernaza coas comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla para a transición a unha nova normalidade. (BOE 3 de maio de 2020) | 00264/2020 | 07-05-2020 13:01 |
| 2020/G003/000285 | MODIFICACIÓN DO DECRETO 264/2020 DE 07/05/2020, DE REGULARIZACIÓN DOS SERVIZOS MUNICIPAIS TRAS A PUBLICACIÓN DA ORDEN SND/387/2020, POLA QUE SE REGULA O PROCESO DE COGOBERNAZA COAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS E AS CIUDADES DE CEUTA E MELILLA PARA A TRANSICIÓN A UNHA NOVA NORMALIDADE. (BOE Nº 123 DE 3 DE MAIO DE 2020) | 00265/2020 | 08-05-2020 12:28 |
| 2020/G003/000289 | RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 259/2020 DE 05/05/2020 DE MODIFICACIÓN DAS BASES E NOMEAMENTO DO XURADO DO XXX CONCURSO DE CONTOS VILA DE PONTEDEUME | 00266/2020 | 11-05-2020 14:59 |
| 2020/G003/000284 | PADRONS VIAQUA 4 TRIMESTRE 2019 E PRIMEIRO TRIMESTRE 2020 RECOÑECIMENTO ADO | 00267/2020 | 11-05-2020 14:59 |
| 2020/G003/000197 | EXPEDIENTE VIAQUA 2019- FACTURACIÓN 3º TRIMESTRE E 4º TRIMESTRE DO ANO 2019 INSTAR A | 00268/2020 | 11-05-2020 |



| | | | |
|------------------|--|------------|---------------------|
| | APROBAR LIQUIDACIONES CONTRATO CONCESIÓN | | 14:59 |
| 2020/G003/000254 | XUSTIFICACIÓN DO TÉCNICO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DEPUTACIÓN 2.019 | 00269/2020 | 11-05-2020 14:59 |
| 2020/G003/000291 | INICIACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN Nº 2 DO PROXECTO DA OBRA REFORMA INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA INFANTIL DE NOGUEIROSA (POS+ 2018). EXPTE Nº 2018/C003/000008 | 00270/2020 | 11-05-2020 14:59 |
| 2020/G003/000253 | APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 2, Nº 3, Nº 4, ACTA DE RECEPCIÓN E DEVOLUCIÓN FIANZA ACOPIOS, DA OBRA -REPOSICIÓN DE VIAIS NA URBANIZACIÓN OLMO-. EXPTE.Nº 2019/C003/000004. | 00271/2020 | 12-05-2020 12:21 |
| 2020/G003/000292 | APROBACIÓN ANEXO I PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA CUBERTA EN PARQUE BIOSALUDABLE (PMA ADICIONAL 2016) | 00272/2020 | 13-05-2020 14:15 |
| 2020/G003/000283 | INCORPORACIÓN Á NOVA VERSIÓN DA APLICACIÓN INFORMÁTICA XATEMPREGO | 00273/2020 | 13-05-2020 14:49 |
| 2020/G003/000293 | REORGANIZACIÓN SERVIZOS MUNICIPAIS COVID19. | 00274/2020 | 13-05-2020 14:50 |
| 2020/G003/000296 | EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA REFORMA INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA INFANTIL DE NOGUEIROSA (POS+ 2018). EXPTE Nº 2018/C003/000008. TRAMITE DE AUDIENCIA Á CONTRATISTA EULOGIO VIÑAL. | 00275/2020 | 14-05-2020 14:53 |
| 2020/G003/000295 | APROBACION FACTURAS RELACION F/2020/9.- | 00276/2020 | 15-05-2020 09:42 |
| 2020/G003/000302 | REANUDACIÓN DA ACTIVIDADE DE VENDA DE PRODUTOS AGRICOLAS PARTICULARES | 00277/2020 | 18-05-2020 12:28 |
| 2020/G003/000298 | APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 4 E Nº 5 DA OBRA -RENOVACIÓN DE TUBAXES NA REDE XERAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE EN NOGUEIROSA-. 2018/C003/000007. | 00278/2020 | 18-05-2020 12:28 |
| 2020/G003/000266 | Padróns servizo de axuda no fogar de libre concorrencia e dependencia, xaneiro 2020 | 00279/2020 | 18-05-2020 12:28 |
| 2020/G003/000267 | Padróns servizo de axuda no fogar de libre concorrencia e dependencia, febreiro 2020 | 00280/2020 | 18-05-2020 12:28 |
| 2020/G003/000301 | MODELO IRPF ABRIL 2020 | 00281/2020 | 20-05-2020 09:44 |
| 2020/G003/000299 | AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL | 00282/2020 | 20-05-2020 |



| | | | |
|------------------|--|------------|---------------------|
| | | | 09:44 |
| 2020/G003/000307 | NOMEAMENTO TESOUREIRO ACCIDENTAL DO FUNCIONARIO | 00283/2020 | 20-05-2020 13:31 |
| 2020/G003/000287 | PERSOAL-BASES AXUDAS SOCIAIS PERSONAL LABORAL E FUNCIONARIO, ANOS 2013 E 2014(EXPEDIENTE INICIADO INICIALMENTE EN 2018 PERO QUE NON CONTINUOU..RETÓMASE EN 2019) | 00284/2020 | 21-05-2020 15:19 |
| 2020/G003/000311 | DECRETO DE MODIFICACIÓN DO DECRETO DE REGULARIZACIÓN DOS SERVIZOS MUNICIPAIS Nº 264/2020, DO 7 DE MAIO. | 00285/2020 | 21-05-2020 15:19 |
| 2020/G003/000314 | MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 8, XERACIÓN DE CRÉDITO 3, PEL CONCELLOS.- | 00286/2020 | 21-05-2020 15:19 |
| 2020/G003/000310 | BASES REGULADORAS DE AXUDAS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE PONTEDEUME, PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID-19: LIÑA DE AXUDAS PARA AUTÓNOMOS/AS OBRIGADOS A SUSPENDER A APERTURA AO PÚBLICO SEGUNDO R.D. 463/2020 DE 14 DE MARZO | 00287/2020 | 21-05-2020 17:08 |
| 2020/G003/000315 | MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 9, XERACIÓN DE CRÉDITO 4, PERSOAL OFICINAS TURISMO.- | 00288/2020 | 25-05-2020 11:41 |
| 2020/G003/000303 | SEGUROS SOCIAIS MES ABRIL 2020. | 00289/2020 | 26-05-2020 10:25 |
| 2020/G003/000319 | INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS. MIGRACIÓN DOS DATOS DA APLICACIÓN CONTRATADA COA A EMPRESA INCOSA-SUMMA Á APLICACIÓN GPASICALWIN. | 00290/2020 | 26-05-2020 10:44 |
| 2020/G003/000275 | CONVENIO DE ADHESIÓN Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA (APLU) | 00291/2020 | 26-05-2020 12:49 |
| 2020/G003/000278 | Aprobación das bases XXIII Premio de Investigación concello de Pontevedra | 00292/2020 | 26-05-2020 12:49 |
| 2020/G003/000242 | APROBACIÓN LIQUIDACIÓN PROVISIONAL ICIO E TAXA URBANISTICA RECUAMENTO REDE A VEIGA | 00293/2020 | 26-05-2020 12:50 |
| 2020/G003/000304 | CONTA XUSTIFICATIVA DE AXUDAS EMERXENCIA SOCIAL | 00294/2020 | 26-05-2020 12:49 |
| 2020/G003/000317 | PERSOAL-RESOLUCIÓN APROBACIÓN NÓMINA MES MAIO 2020. | 00295/2020 | 27-05-2020 10:17 |
| 2020/G003/000306 | APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 1, 2, 3 E 4 DA OBRA -GRADERÍO EN CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL -2016/C003/000003. | 00296/2020 | 27-05-2020 10:17 |
| 2020/G003/000313 | PERSOAL-INCIDENCIAS NÓMINA MES MAIO 2020. | 00297/2020 | 27-05-2020 10:17 |



| | | | |
|------------------|--|------------|---------------------|
| 2020/G003/000322 | APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/10 | 00298/2020 | 27-05-2020 12:57 |
| 2020/G003/000320 | SOLICITUDE POS + ADICIONAL 1/2020 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 CON CARGO A PARTE DO SUPERÁVIT DE OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS (SONF) 2019 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA. | 00299/2020 | 27-05-2020 15:04 |
| 2020/G003/000321 | SOLICITUDE POS + ADICIONAL 2/2020 PARA GASTOS CORRENTES E INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES PARA APLICACIÓN DE REMAMENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DO EXERCIZO DE 2019 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA. . | 00300/2020 | 28-05-2020 10:51 |
| 2020/G003/000323 | APLICACIÓN A PRESUPUESTO CERTIFICACIÓN Nº 2, 3, 4 DA OBRA -CAMIÑO DO MOJO-. PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2019-2020. | 00301/2020 | 28-05-2020 10:51 |
| 2020/G003/000325 | RESOLUCIÓN DA SOLICITUDE DE BAIXA DE OFICIO NO PADRON DE HABITANTES DE MARCELA AQUINO AQUINO POR B-CR 20/04/2020 COMUNICACIÓN INE FICHEIRO H15069IA.520. | 00302/2020 | 28-05-2020 11:59 |
| 2020/G003/000327 | ALTA EDITOR, BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES | 00303/2020 | 28-05-2020 11:59 |
| 2020/G003/000308 | REQUERIMENTO DE SUBSANACIÓN DE OMISIONES SUBSANABLES Y DEFICIENCIAS DEL EXPEDIENTE DE SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA O "PROYECTO TECNICO DE REHABILITACIÓN ENERGÉTICA DEL EDIFICIO DE SERVICIOS SOCIALES DEL AYUNTAMIENTO DE PONTEDEUME". IDAE 2.020 | 00304/2020 | 29-05-2020 10:24 |
| 2020/G003/000326 | NOMEAMENTO TESOURERIA MUNICIPAL | 00305/2020 | 29-05-2020 10:24 |
| 2020/G003/000328 | AUTORIZACIÓN E XESTIÓN DE CERTIFICADOS DE REPRESENTANTE PARA O ACCESO A NOTIFICACIÓNS ELECTRÓNICAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS A DONA | 00306/2020 | 01-06-2020 14:15 |
| 2020/G003/000333 | REORGANIZACIÓN SERVICIOS MUNICIPAIS COVID19. | 00307/2020 | 01-06-2020 14:15 |
| 2020/G003/000330 | DECRETO MODIFICACIÓN DE MODALIDADE DE TRABALLO DE | 00308/2020 | 01-06-2020 14:15 |
| 2020/G003/000332 | NOMEAMENTO OFICIAL-XEFE POLICÍA LOCAL CON CARÁCTER ACCIDENTAL . | 00309/2020 | 01-06-2020 14:15 |
| 2020/G003/000334 | MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 11, XERACIÓN DE | 00310/2020 | 01-06-2020 |



| | | | |
|------------------|--|------------|---------------------|
| | CRÉDITO. IDAE.- | | 14:15 |
| 2020/G003/000331 | MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 10, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO. ÁREAS DE GASTO 1 E 4.- | 00311/2020 | 01-06-2020 13:27 |
| 2020/G003/000335 | IMPUTACIÓN A PROXECTO 2019/2/LC/1, FACTURA CONTROL CALIDADE -CAMIÑO DO MOJO.- | 00312/2020 | 02-06-2020 13:39 |
| 2020/G003/000336 | REORGANIZACIÓN SERVIZOS MUNICIPAIS COVID19. | 00313/2020 | 03-06-2020 10:42 |
| 2020/G003/000280 | MODIFICACIÓN Nº2 PROXECTO REFORMA INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DE ESCOLA INFANTIL EN NOGUEIROSA (POS+ 2018) | 00314/2020 | 04-06-2020 11:38 |
| 2020/G003/000318 | XUSTIFICACIÓN FINAL DE AGADER 2019-2020. MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2019-2020. CAMIÑO DO MOJO | 00315/2020 | 04-06-2020 11:38 |
| 2020/G003/000286 | DEVOLUCIÓN AVAIS GARANTÍAS DEFINITIVA E COMPLEMENTARIA DO CONTRATO SUBSTITUCIÓN ALUMEADO PÚBLICO NO POLÍGONO INDUSTRIAL DO VIDREIRO | 00316/2020 | 04-06-2020 12:53 |
| 2020/G003/000282 | DEVOLUCIÓN DE AVAL A SOLICITUDE DE SERGONSA SERVICIOS S.L. POLA OBRA "REPARACIÓN CUBERTA ADECUACIÓN INTERIOR DO PAVILLÓN A CASQUEIRA" | 00317/2020 | 04-06-2020 13:08 |
| 2020/G003/000329 | APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1, 2, 3 E 4 DA OBRA -SUBSTITUCIÓN DE TUBAXES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA AVDA. DE FERROL. 2019/C003/000001. | 00318/2020 | 04-06-2020 13:26 |
| 2020/G003/000340 | ANULACIÓN CONVOCATORIA SELECCIÓN OFICIAL XEFE DE POLICIA LOCAL | 00319/2020 | 08-06-2020 14:14 |
| 2020/G003/000339 | CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL, PEL-CONCELLOS, EXERCIZO 2020. | 00320/2020 | 08-06-2020 14:14 |
| 2020/G003/000338 | PERMISO POR COIDADADO DE FAMILIAR CONCEDIDO Á FUNCIONARIA INTERINA DNA. DIGNA MONTSERRAT PEREZ VAZQUEZ. | 00321/2020 | 08-06-2020 15:06 |
| 2020/G003/000348 | MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 12, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 4, DIVERSAS ÁREAS DE GASTO.- | 00322/2020 | 10-06-2020 11:45 |
| 2020/G003/000349 | NOMEAMENTO DE ARQUITECTA MUNICIPAL, COMO VOGAL DAS MESAS DE CONTRATACIÓN, COMO RESPONSABLE DO CONTRATO, DIRECTORA DE OBRA E DIRECTORA DE EXECUCIÓN SUSTITUTA EN EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE OBRAS | 00323/2020 | 10-06-2020 13:10 |
| 2020/G003/000351 | CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 15.06.2020 | 00324/2020 | 10-06-2020 12:43 |
| 2020/G003/000354 | NOMEAMENTO TESOUREIRO ACCIDENTAL DO FUNCIONARIO | 00325/2020 | 11-06-2020 19:33 |
| 2020/G003/000350 | Solicitud de subvención par ao fomento da compostaxe in | 00326/2020 | 11-06-2020 |



| | | | |
|------------------|---|------------|---------------------|
| | situ. Ano 2.021 | | 19:33 |
| 2020/G003/000353 | SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA A REDACCIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍAS SUSTENTÁBEL (PACES) | 00327/2020 | 11-06-2020 19:33 |
| 2020/G003/000358 | APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/11.- | 00328/2020 | 12-06-2020 13:59 |
| 2020/G003/000359 | PERSOAL-CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL SUBSTITUCIÓN IT FRANCISCO VARELA PIÑEIRO. | 00329/2020 | 15-06-2020 11:25 |
| 2019/G003/000935 | APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA PISTA DE PÁDEL E BALONCESTO 3x3. EXPTE Nº 2018/C003/000009 | 00330/2020 | 15-06-2020 11:25 |
| 2020/G003/000352 | DECRETO INICIO PROCEDEMENTO SANCIONADOR TRAFICO 2020_07 (AI 99500000019976) | 00331/2020 | 15-06-2020 11:25 |
| 2020/G003/000346 | RETIRADA VEHÍCULO DA VÍA PÚBLICA (7726CXJ) | 00332/2020 | 15-06-2020 12:25 |
| 2020/G003/000347 | RETIRADA VEHÍCULO DA VÍA PÚBLICA (2793CND) | 00333/2020 | 15-06-2020 12:25 |
| 2019/G003/000515 | RETIRADA VEHÍCULO DA VÍA PÚBLICA (C1178BS) | 00334/2020 | 15-06-2020 12:25 |
| 2020/G003/000364 | CONVOCATORIA DA SESION ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO DE 19/06/2020 | 00335/2020 | 16-06-2020 13:08 |
| 2020/G003/000367 | CONVOCATORIA SESION ORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONOMICOS E FACENDA DE 19/06/2020 | 00336/2020 | 16-06-2020 14:09 |
| 2020/G003/000360 | IRPF MODELO 111, MAIO 2020 | 00337/2020 | 17-06-2020 13:36 |
| 2020/G003/000363 | RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA EN SESIÓN ORDINARIA DE 17.10.2019 E RATIFICACIÓN DO CONTIDO DO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DE OBRA PARA ACONDICIONAMENTO DE PRAZA NO CAMIÑO INGLÉS NO CONCELLO DE PONTEDEUME. | 00338/2020 | 17-06-2020 13:36 |
| 2020/G003/000373 | CONVOCATORIA CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL PONTEDEUME 22.06.2020 | 00339/2020 | 17-06-2020 13:36 |



Documento asinado dixitalmente asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde- Presidente, D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Pontedeume, na data sinalada na marxe”

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN**

14.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS

- O voceiro do Grupo Municipal do Bloque o Sr. Luis Pena, formula os seguintes ROGOS:

1. Rogamos que se retiren os contenedores de Humana.
 - O Sr. José Simoes responde, enviamos un escrito á empresa, pero cambiou a dirección. Enviamos toda a documentación á empresa, mandounos un argumento, é a posteriori mandounos unha carta dicindo que cambiara a dirección da empresa, con nomes e apelidos doutras persoas. Hai que facer un seguimento e a ver que sucede, de momento darlle unha oportunidade
2. Rogamos que se proceda a abrir parques infantís, instalacións deportivas, pistas, locais de ensaio...
 - O Sr. Bernardo Fernández responde que xa están algunhas abertas, vamos pouco a pouco.
3. Rogamos que nos envíen as actas da reunión da Comisión Covid 19.
4. Rogamos nos envíen o estudo final feito pola empresa que axuda a creación da ordenanza que regula as instalacións das terrazas.
 - O Sr Bernardo Fernández responde que a documentación a teñen para súa disposición no concello, poden acceder a ela.
5. Rogamos, despois de aprobar en xaneiro a imaxe corporativa, se pase a documentación oficial do aniversario dos 750 anos do concello, xa que a pagamos, pois tela.

- O Sr. José Simoes comenta que as preguntas as contestarán por escrito luns o mañá, tivémolas hoxe pola mañá e non deu tempo a contestalas, tanto a eles como as do Partido Popular

Preguntas presentadas polo Grupo Municipal do BNG, lidas polo Sr. Luis Pena:

1. MERCADO MUNICIPAL. A posta en marcha do mercado é unha dos grandes fracasos na xestión deste concello, máis de 6 anos pechado e sen data para abrir. O mercado que podería ser un motor económico da vila, téñeno esquecido. Que medidas se están a tomar dende o concello para “acelerar” a apertura do mercado?
2. PLAN ECONÓMICO FINANCIERO. Segundo a información trimestral remitida polo concello ao Ministerio de Facenda, consta que no Concello de Pontedeume non existe un plan económico financeiro (PEF), por que non existe? Isto é algo conxuntural? e só neste exercicio? houbo un PEF nos últimos 5 exercicios? Haberá no próximo exercicio?



3. COMISIÓN ESPECIAL COVID 19. Cales é o valor dos gastos excepcionais derivados de la Covid 19 dende o pasado 15 de marzo propostos pola comisión especial da Covid19 ? Poden desglosarnos a que se destinaron estes gastos?

4. DIMINUCIÓN DE INGRESOS. Dentro dunhas semanas deberán remitir ao Ministerio de Facenda a información do segundo trimestre, respecto ás previsións iniciais do orzamento en que porcentaxe estiman que diminuirán partidas de ingresos como: impostos directos e indirectos? impostos sobre actividades económicas ? impostos sobre construcións ? licencias e servizos urbanísticos?

5. PRAIAS VERÁN. Como xustifica o concello a situación das praias do concello nas que recae unha prohibición permanente nas de Centroña e Ver dende o 2016? Que medidas tomará o concello para evitar o baño? Cantos socorristas e cal será a súa distribución nas praias de Ponte deume. Cal é a partida dispoñible para a limpeza de praias marítimas entre recursos propios e subvencións?

6. POS ADICIONAL

POS ADICIONAL (I). O plan de obras e servizos (POS) adicional para gastos extraordinarios derivados da COVID-19, no plan adicional nº 1, a Deputación da Coruña financia aspectos como:

“Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia” “Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares”

“Reforzo dos dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados”

“Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.”

é posible que o concello de Ponte deume pense solicitar financiación por 0 euros (CERO EUROS) para todas e cada unha destas partidas? Ocúpase o concello das persoas que máis o necesita? É lóxico que se pidan so 20.000 euros para EPIS e arredor de 12.000 no epígrafe *“outras gastos imprescindibles e urxentes. a xustificar?”*

POS ADICIONAL (II). O plan de obras e servizos (POS) adicional para gastos correntes, plan adicional nº 2, a Deputación da Coruña o concello de Ponte deume solicita unha financiación de 119.193 euros para que se piden. En que se van a gastar? Como se chega a esta cifra?

7. OFICINA DE REHABILITACIÓN. Xa en xaneiro deste ano 2020 contestaban as nosas preguntas sobre a Oficina de Rehabilitación e da Área de Rehabilitación Integral coas seguintes palabras textuais “ meses atrás o documentos for remitido para informe sectorial ”, entendo



que se está a referir a o outono do 2019, cando teremos una Oficina de Rehabilitación e un Área de Rehabilitación Integral?

8. OCIO E CONCILIACIÓN. A nosa xuventude, os nosos nenos e nenas, soportaron estoicamente o confinamento. Protestaron moi pouco. é o momento de ocuparnos deste grupo de poboación aos que debemos unha especial protección. Que medidas tomará o concello para favorecer o ocio as actividades lúdicas, culturais, deportivas destes grupos de idade durante estes meses? Que medidas tomará o concello para (respectando estritamente as medidas hixiénico sanitarias para extremar a precaución) para traballar a prol da conciliación ata o comezo do curso escolar?

9. FINALIZACIÓN OBRAS. O 27 de febreiro segundo as súas verbas a dada prevista para a finalización da Escola Infantil era agosto do 2020. Van cumprir esta data ou retrasaranse 2 semanas pola paralización das obras durante o estado de alarma? O traballos para a pista de pádel e de 3x3 comezaron en maio do 2019, cal é a data prevista de finalización?

10. PLENOS ORDINARIOS. Por que razón non se realizou ningún pleno ordinario, nin presencial nin telemático dende febreiro?

11. RISGA. Cal é o número de persoas en situación ou risco de exclusión social e perceptores da Risga a día de hoxe no Concello? Cal é o número de novas solicitudes dende o 15 marzo ata hoxe?

12. PISCINA. Segundo a información que nos trasladaron os traballos para elaborar os pregos para a licitación piscina municipal comezaron no ano 2017, despois de 3 anos largos, cando estará rematado o novo prego?

As respostas entregadas ás preguntas do Grupo Municipal do BNG foron as seguintes:

Por medio da presente e en cumprimento do Regulamento Orgánico Municipal deste Concello, aprobado na Sesión Ordinaria celebrada o 26 de novembro do 2015 cos votos a favor dos Concelleiros do PSdeG-PSOE (7) e BNG (2), e publicado no Boletín Oficial da Provincia co número 234 de data 7 de decembro de 2015; e en aplicación do artigo 62 do mencionado Regulamento "Intervencións dos/as membros da Corporación Local" no seu apartado referido aos rogos e preguntas que reza no seu literal:

"Pregunta: é calquera cuestión exposta aos Órganos de Goberno no seo do Pleno. Poden expor preguntas todos os/as membros da Corporación, ou os Grupos Municipais a través das súas Portavocías tanto ao Alcalde ou Alcaldesa como aos concelleiros e concelleiras que ostenten delegacións xerais ou especiais. As preguntas expostas oralmente no transcurso dunha sesión serán xeralmente contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o/a preguntado/a queira darlle resposta inmediata. As preguntas formuladas por escrito serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o/a preguntado/a queira darlle resposta inmediata. Así como regra xeral, as preguntas serán presentadas por escrito como mínimo un día antes da celebración da sesión correspondente, e serán contestadas ordinariamente na seguinte sesión sen prexuízo de que o/a preguntado/a queira darlle resposta na sesión inmediata. Non se admitirán preguntas sobre o exclusivo



interese de quen a formula ou de calquera persoa singularizada ou as que supoñan consultas de índole estritamente xurídico, técnico ou económico. Na quenda de contestación ás preguntas non caberá ningunha intervención adicional á do/a preguntado/a, polo que non haberá lugar a debate algún. Poderanse presentar como máximo 12 preguntas por grupo municipal e sesión.”;

Procédese a dárselles traslado das respostas ás preguntas presentadas por rexistro polo grupo do BNG:

1. “A vista das afirmacións que se realizan na exposición desta pregunta, dá a impresión de que por parte deste grupo non se ten nin o máis mínimo coñecemento de todo o sucedido ao longo do proceso de rehabilitación do mercado municipal, a pesar de ser informados puntualmente de todos eles. Unha travesía infestada de adversidades imposibles de prever como a pudrición da cuberta do edificio, os problemas de inestabilidade da Rúa San Miguel entre outras ou unha pandemia.

É por iso, que á vista do seu interese por simplificar todo o sucedido ata rozar o absurdo, cumpre facer un pequeno relatorio do feitos:

Xuño 2015: Constátase que non había nin proxecto de execución das obras, nin autorización de Patrimonio, nin convenio entre Xunta, Deputación e Concello, nin partida nos orzamentos.

Novembro 2015: Aprobación do convenio por parte do pleno, tras meses de traballo para obter o visto bo de Patrimonio ao proxecto.

Maiο 2016. Autorización da Xunta para a venda e ocupación do edificio da Agraria (o pago esixido ao Concello realizouse en xaneiro de 2016).

Novembro 2016: Sinatura do contrato de obra por 1,2 millóns de euros.

Decembro 2016: Iniciada a obra, Acciona fai unha visita ao mercado e comunícalle ao concello que unha das vigas centrais da cuberta está rota.

Xaneiro 2017: Unha empresa especializada en patoloxías da madeira conclúe que a estrutura da cuberta e os soportais exteriores deben ser substituídos dado o seu estado de pudrición.

Marzo 2017: O proxecto de reparación da cuberta entra no concello.

Decembro 2017: Autorización definitiva de Patrimonio da Xunta para a reparación da cuberta.

Febreiro 2018: Aprobación no pleno das obras da cuberta.

Abril 2018: O pleno aproba de forma definitiva a modificación do proxecto de rehabilitación do mercado, que afecta tamén á rúa San Miguel.



Agosto 2018: Rematada a instalación da nova cuberta do mercado municipal.

Outubro 2018: Executados os traballos para consolidar o estado do firme na rúa San Miguel.

Marzo 2019: Remate e recepción das obras por parte do Concello de Pontedeume. Cabe recordar que, unha vez modificado o proxecto para solventar os problemas xurdidos, comezamos a traballar hai meses nos pregos que rexerán o concurso para a concesión dos postos. Este proceso foi máis complexo do habitual, a causa da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) que declaraba nulo e ilegal o traslado dos praceiros ordenado polo anterior goberno do PP.

Abril 2019: Realízase o estudo de mercado para coñecer a demanda e adecuar a oferta de postos á mesma. En paralelo redactouse a normativa do mercado, a modificación da ordenanza fiscal e as bases do concurso. Un traballo arduo que estendeu durante varios meses debido á súa complexidade e aos prazos legais establecidos por lei, tanto para a súa publicación como para o período de alegacións. Sendo presentadas, tres, entre elas una do seu grupo o que obrigou a atrasar máis o proceso de concesión debido a que houbo que estudalas, informalas e resolvelas.

Novembro 2019: Ábrese o prazo para a presentación de proxectos para optar á concesión dos postos do novo mercado, terminando o prazo para a presentación de solicitudes o 10 de xaneiro de 2020.

Febreiro 2020: Finalizado o prazo de presentación de documentación, realizáronse as tres mesas de contratación necesarias para a valoración das propostas e adxudicación dos postos. Unha vez finalizado ese procedemento, o día 28 de febreiro terminaba o prazo para que os adxudicatarios presentasen os seus avais. Nesa data tan só un deles non presento a documentación quedando excluído do proceso e abríndose un novo prazo para o segundo, momento no cal se decreta o estado de alarma debido á Covid-19, paralizándose por decreto lei todos os trámites administrativos ata o mes de maio no que se renovaron os prazos.

Maio 2020: Reiniciados os prazos administrativos, retómase a tramitación que quedase paralizada por mor da pandemia, finalizando a presentación da documentación ao longo dese mes.

Xuño 2020: Delegase o expediente para a adxudicación dos postos aos distintos departamentos que interveñen na súa tramitación a fin de que se realicen os pertinentes informes preceptivos. Momento no que nos atopamos actualmente e que finalizará nos próximos días.

Queda polo tanto claro como foi o proceso para a reapertura do mercado, así como todas as xestións e esforzos que se fixeron para “acelerar” a reapertura do mesmo, a pesar das dificultades de persoal que ten este concello e a sobrecarga de traballo dos distintos departamentos, froito da imposibilidade de contratar persoal por parte das administracións locais.

2. Non existe un plan económico financeiro xa que este realízase cando se incumpre estabilidade e regra de gasto.

Houbo un PEF durante os anos 2016 e 2017 con motivo do incumprimento no 2015, ano no que chegamos ao goberno no mes de xuño e nos atopámonos con que o 75% do orzamento xa estaba executado.



A data de hoxe non é posible saber se será necesario realizar un PEF durante o próximo exercicio.

3. Segundo notificouse por parte da FEGAMP o 15 de marzo, as funcións da comisión de seguimento do Covid-19 son:

Colaboración coas autoridades sanitarias

Atención á cidadanía, en especial ás persoas máis vulnerables.

Suspensión da cobranza de taxas, aprazamentos e fraccionamentos e impostos.

Nas reunións mantidas abordáronse todos estes aspectos, analizouse a situación sanitaria e de necesidades do municipio e púxose en común a información de todos os actores implicados no control da seguridade e as garantías sanitarias, ademais de darse conta das medidas adoptadas por cada un deles. Polo tanto, a comisión especial do Covid-19 non propuxo gastos, senón medidas que se traducen ou ben en iniciativas de información, concienciación, protocolos de seguridade ou adquisición de material de prevención.

4. Este Concello ten de prazo ata o 31 de xullo para remitir a información do segundo trimestre e é nese momento cando hai que facer previsión de liquidación a peche do exercicio. Iso supón, analizando o que o concello leva executado do orzamento e o que queda por executar, que teñamos que estimar que dereitos recoñecidos e recadados teremos a data do 31 de decembro. Será aí, por tanto, onde podamos ver as novas previsións que temos de ingresos que se realicen a través de subvencións que non estaban incluídas no orzamento inicial como pode ser o POS Adicional da Deputación Provincial.

Desta información dáse conta sempre ao Pleno Municipal, polo que terá vostedes acceso a ela nese momento.

5. Sobre a xustificación da situación das praias nas que non se permite o baño, cabe lembrar que esa prohibición tras 5 anos consecutivos de contaminación das augas, é do 2011 ao 2015. Unha vez comunícase, faise un estudo e encárgase redactar un proxecto para a reforma da praia de Centroña, recibindo a última das autorizacións sectoriais necesarias para a súa licitación hai escasos días. En canto á praia de Ber, realízanse diversas xestións co ente Augas de Galicia, para analizar a situación da praia e analizar a situación. Finalmente, adquirese o compromiso de redacción dun proxecto para o saneamento desa zona que actualmente está en proceso de tramitación e solicitude dos distintos informes sectoriais.

Sobre as medidas para adoptar son as contempladas no decreto da Xunta polas que se teñen que instalar nos areas carteis informativos nos que se deixa constancia da prohibición de baño.

Este ano concedéronos 6 socorristas que nos permitirá establecer varias quendas na praia de Ber, a única na que este concello historicamente presta este servizo.

Para a limpeza de praias contamos cunha subvención de 20.000€ da Deputación da Coruña, así como os servizos que presta o Concello co seu propio persoal.



6. Á vista da súa pregunta, dá a impresión de que vostedes non saben en que consiste e como é o modelo de financiamento do POS Adicional. O concello non fai ningún tipo de solicitude, posto que os fondos son repartidos por criterios obxectivos por parte da Deputación Provincial entre os concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes. Segundo esa repartición, a este concello correspondíanlle 31.785.01€, imputando a xustificación desta axuda a facturas por importe de 20.000€ derivadas da adquisición de medios de prevención (EPI), e 11785.01 para a atención de persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise.

Cabe destacar que os gastos derivados tanto da atención a persoas en risco de vulnerabilidade, reforzos dos dispositivos de atención, banco de alimentos ou servizos de proximidade, foron asumidas con recursos municipais a través das distintas partidas de gasto e investimento contempladas no orzamento para tal fin. E que dado a súa dotación económica ata a data foron suficientes para asumir o volume de gasto xerado por esta situación.

En base ao criterio de repartición establecida pola Deputación, ao noso concello correspóndenlle 119.193,77€, que serán destinados a sufragar gasto corrente en xeral.

7. Cando contemos con todos os informes sectoriais que son preceptivos e obrigatorios para a súa posta en marcha, incluíndo entre eles, o PEPRI.

Cabe lembrar que a pandemia paraliza os trámites administrativos 3 meses, polo que iso atrasou todos os procedementos.

8. Nesta materia, desde a Concellería de Servizos Sociais publicitouse recentemente a apertura do prazo de inscrición para os rueiros de verán, acampadas intermunicipais da natureza e proximamente unha actividade dirixida a mocidade.

Nos próximos días, como cada verán, iníciase o prazo de inscrición nas actividades deportivas dedicadas á mocidade, priorizando a súa realización ao aire libre debido á crise sanitaria, así como roteiros en kayak, roteiros de senderismo e demais actividades en colaboración coas entidades deportivas.

No mesmo orde de cousas, en colaboración coas Concellerías de Turismo e Cultura, promoveranse novas andainas históricas culturais ao longo dos próximos meses.

Por último, tamén terán lugar actividades de formación tecnolóxica dedicada aos máis pequenos

9. Como xa se lle informou en reiteradas ocasións, esta obra está a executala o Consorcio de Igualdade e Benestar, non o Concello de Pontevedra. A día de hoxe, desde a Consellería non se nos trasladou ningunha novidade respecto diso.

En canto a pista de pádel e 3x3, tendo en conta que houbo problemas de subministración por mor da crise sanitaria, unha vez retomados os traballos, as obras rematarán nas próximas semanas.

10. Pola suspensión dos órganos colexiados establecida no decreto lei do estado de alarma.

11. Actualmente son 4 as persoas nesa situación. Desde o 15 de marzo non houbo ningunha nova solicitude.

12. Con anterioridade á declaración do estado de alarma estíbese a realizar unha auditoría das instalacións, traballos que se tiveron que paralizar por este motivo e que foron retomados unha vez suspendido o mencionado estado de alarma.



Este documento é imprescindible de cara ao remate dos pregos e antes do cesamento da actividade da actual empresa concesionaria.

Preguntas presentadas polo Grupo Municipal do Partido Popular:

1. Actualmente, ¿en qué fase se atopa o mercado?
2. O «feirón» estase a reactivar en todos os Concellos, que pensa facer a respecto do noso?
3. En que estado se atopa a xestión da poda da estrada provincial (D.P – 4803)?
4. En que consiste a segunda liña de axudas comentada por vostede nas redes sociais?
5. Cantos autónomos e PeMES están en proceso para a primeira fase de axudas? Con quen se reuniron para faceren as bases destas axudas?"

As respostas entregadas ás preguntas do Grupo Municipal do PP foron as seguintes:

1. No momento da suspensión dos prazos administrativos debido á crise sanitaria do Covid-19, estaba activo o proceso de presentación de documentación por parte dos concesionarios. Unha vez reactivados os prazos administrativos días atrás, finalizouse a presentación de documentación por parte dos interesados e neste momento atópase en fase de fiscalización por parte do departamento de intervención para a redacción do decreto de adjudicación definitivo, tras o cal iniciarase o proceso para a segunda fase de licitación.

2. Con data 23 de marzo do 2020 publícase unha orde da Consellería de Medio Rural, sobre a venda directa de produtos en mercados tradicionais na que se establece que unha vez levántase a prohibición, a venda directa limitarase unicamente a produtos agrícolas e gandeiros do sector de alimentación e produtos perecedoiros.

Nesa mesma liña publícase unha resolución do 4 de maio de 2020 da mesma Consellería relativa á orde mencionada con anterioridade na que se levanta a partir desa mesma data a prohibición para a realización deste tipo de mercados insistindo en que só se poderá vender produtos agrícolas e gandeiros. En base a estas resolucións reactiváronse a venda de excedentes no mercado municipal e #contactar cos comerciantes do feiron dos sectores cuxa venda estaba autorizada e cumprían cos requisitos establecidos pola Xunta de Galicia, a fin de reactivar a actividade no mesmo. De todos eles tan só tres estaban dispostos a iniciar a actividade polo que dado o escaso número resultaba inviable e contraproducente a súa reactivación.

Con data 23 de xuño do 2020 foi recibida por parte deste concello indicacións precisas sobre a xestión da venda ambulante por parte da Consellería de Comercio da Xunta de Galicia. Durante estas últimas semanas realizáronse reunións con diferentes profesionais do sector para a súa reorganización e establecer os protocolos de seguridade necesarios co obxectivo de garantir todas as recomendacións sanitarias posibles.



En todos os protocolos faise referencia a que se debe dar prioridade a postos de alimentación, tendo en conta que o 90% dos postos do feiron actual correspondes a téxtil, consideramos necesario seguir traballando para a adaptación do feiron á situación actual para a súa reactivación no menor tempo posible que estimamos ao longo do mes de xullo.

3. Deuse traslado á Deputación Provincial que así mesmo nos informou a semana pasada que os terreos nos que se atopan os arbores están en zona de afectación de ADIF. Por mor do cal se procederá a remitir un requirimento ao mencionado organismo para que proceda a pódaa.

4. É unha liña dirixida a PEMES e autónomos que visen reducido os seus ingresos en máis dun 75%, incluíndo os locais de hostalería que non se achán podido favorecer coa derogación da ordenanza das terrazas por non dispoñer deste tipo de elementos nos seus establecementos.

5. Actualmente hai sobre 80 solicitudes a falta de terminar o prazo mañá venres. Houbo conversación e unha reunión telemática coas xestorías que operan no municipio e representan a unha porcentaxe moi alta de autónomos, mantivéronse conversacións con integrantes da directiva de UCOA, cos técnicos municipais e persoal da área de Promoción Económica da Deputación Provincial da Coruña

Non habendo máis asuntos que tratar, o alcalde levanta a sesión, sendo as catorce horas do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.

